

1

PANORAMA ECONÓMICO

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

1.1. Contexto económico xeral

Tras unha crise sanitaria, social e económica a nivel mundial orixinada pola pandemia da covid-19, que provocou unha contracción da actividade económica sen precedentes, as principais economías do noso entorno inician no segundo trimestre de 2021 unha reactivación da súa actividade económica, reactivación que semellaba consolidarse a medida que avanzaba o ano.

Con todo, este crecemento ralentízase nos últimos meses do ano tendo en conta o forte incremento das tensións inflacionistas no segundo semestre do ano polo incremento dos prezos enerxéticos e de materias primas, alteracións nas cadeas de subministros ou a aparición de novas cepas do virus. Asemade, considérase que a invasión rusa de Ucraína iniciada a comezos de 2022 contribuírá á unha acusada desaceleración no ritmo de crecemento do PIB, agravando o problema da inflación polo incremento dos prezos enerxéticos e alimentos. Ademais, apareceron novos casos de covid e confinamentos en importantes zonas manufactureiras en China.

O Fondo Monetario Internacional (FMI) no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2022,

estima que a economía mundial medrou en 2021 un 6,1% respecto ao ano anterior, presentando unha previsión de crecemento do 3,6% para os anos 2022 e 2023. Entre as distintas áreas económicas, novamente son os países emerxentes e en desenvolvemento de Asia os que presentan as taxas de variación interanuais máis elevadas, cun 7,3%, situándose esta porcentaxe no 5,2% no caso do conxunto das economías avanzadas (5,3% na zona euro).

Entre as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento cómpre resaltar o crecemento do PIB superior ao 8% en India e China (8,9% e 8,1%, respectivamente), en tanto que entre as economías avanzadas, estímase que a actividade económica do Reino Unido medrou un 7,4%, fronte ao 7% de Francia ou o 5,7% rexistrado en Estados Unidos.

Neste contexto internacional de recuperación económica tras o devandito impacto negativo da covid, Galicia inicia a reactivación da súa actividade económica no segundo trimestre do ano, rematando 2021 cunha medra media anual do 5,2% respecto ao ano anterior, unha décima por riba do estimado para a economía española.

Ao igual que acontece co conxunto de países da zona euro, a reactivación da economía española ven motivada por unha achega positiva tanto da demanda interna como, en menor medida, da demanda externa. No ano 2021 a economía española medrou un 5,1% respecto ao ano anterior, impulsada por unha achega da demanda interna de 4,7 puntos porcentuais. No que respecta á demanda interna, cómpre destacar o incremento do investimento (6,8%) e do gasto en consumo final (4,7%), sendo o gasto das familias superior ao estimado para o conxunto das administracións públicas (-4% e -3%, respectivamente); e no que respecta á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan unha variación interanual do 14,7% fronte ao 13,9% das importacións.

Dende o lado da oferta, a recuperación ven explicada polo dinamismo do sector servizos e industrial (6% e 5,2%, respectivamente) o que contrasta coa contracción experimentada pola construción (3,4%) e o sector primario (3,7%).

A devandita reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha medra da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, cómpre mencionar que as contas económicas indican unha medra do número de postos de traballo equivalente do 6,6%, porcentaxe superior á estimada pola EPA ou as afiliacións (3% e 2,6%, respectivamente). Doutra banda, a redución do desemprego é do 3,9% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 2,9% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 14,8% en 2021.

No que respecta á situación competitiva das CCAA, os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas, con datos para 2020, mostran novamente a Galicia nun nivel competitivo medio-baixo, descendendo un posto no ranking das 17 CCAA (noveno posto en 2020). Asemade, a intensidade do dinamismo da competitividade encádrase entre aquelas cun moderado descenso, xunto con Madrid e País Vasco.

No citado informe sobre a competitividade rexional en

España compáranse unha serie de indicadores e variables para así establecer unha clasificación en tres niveis segundo a intensidade do impacto relativo esperado da crise sanitaria sobre as CC.AA. (alto, elevado e importante). No caso concreto de Galicia, a súa situación macroeconómica de partida é mellor que noutras CC.AA. ao non sufrir un impacto tan severo, e como consecuencia, terá menos secuelas post pandémicas. Pola contra, a dixitalización constitúe un punto débil ao igual que no ámbito da sustentabilidade.

O obxectivo deste capítulo é analizar o contexto económico internacional, europeo e nacional no que se desenvolve a economía galega. Con tal motivo, en primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial fincapé na situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

Tras unha contracción da actividade mundial sen precedentes tanto en termos de velocidade como de sincronía en todas as economías, o PIB mundial presenta un incremento interanual do 6,1% segundo as estimacións presentadas polo Fondo Monetario Internacional no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2022 (**cadro 1.1.1.**). Con todo, nun contexto no que a economía mundial recupera en 2021 o nivel precrise, existen importantes diverxencias entre a recuperación das distintas áreas económicas en liña co distinto nivel de control das novas variantes da covid e distintos niveis de vacinación, ou o impacto negativo das alteracións nas cadeas de subministros e das fortes e crecentes presións inflacionistas xurdidas a partir de verán.

Segundo as estimacións do FMI, as economías emerxentes e en desenvolvemento en Asia presentan unha medra interanual do 7,3%, máis de dous puntos superior ao rexistrado polo conxunto das economías avanzadas (5,2%), onde o conxunto dos países da zona euro medran un 5,3%. Máis acusado é o diferencial existente entre as principais economías, onde a actividade eco-

Economía internacional 2014-22: evolución dos principais indicadores

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022 (1)
Produto Interior Bruto real									
Economía mundial	3,5	3,4	3,3	3,7	3,6	2,9	-3,1	6,1	3,6
Economías avanzadas	2,0	2,3	1,8	2,5	2,3	1,7	-4,5	5,2	3,3
EE.UU.	2,3	2,7	1,7	2,3	2,9	2,3	-3,4	5,7	3,7
Xapón	0,3	1,6	0,8	1,7	0,6	-2,0	-4,5	1,6	2,4
Zona Euro	1,4	2,0	1,9	2,6	1,8	1,6	-6,4	5,3	2,8
Alemaña	2,2	1,5	2,2	2,7	1,1	1,1	-4,6	2,8	2,1
Francia	1,0	1,0	1,0	2,4	1,8	1,8	-8,0	7,0	2,9
Italia	0,0	0,8	1,3	1,7	0,9	0,5	-9,0	6,6	2,3
España	1,4	3,8	3,0	3,0	2,3	2,1	-10,8	5,1	4,8
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,3	4,4	4,7	4,6	3,7	-2,0	6,8	3,8
China	7,4	7,0	6,9	6,9	6,8	6,0	2,2	8,1	4,4
India	7,4	8,0	8,3	6,8	6,5	3,7	-6,6	8,9	8,2
IPC (medias anuais)									
Economías avanzadas	1,4	0,3	0,7	1,7	2,0	1,4	0,7	3,1	5,7
EE.UU.	1,6	0,1	1,3	2,1	2,4	1,8	1,2	4,7	7,7
Xapón	2,8	0,8	-0,1	0,5	1,0	0,5	0,0	-0,3	1,0
Zona Euro	0,4	0,2	0,2	1,5	1,8	1,2	0,3	2,6	5,3
Alemaña	0,8	0,7	0,4	1,7	1,9	1,4	0,4	3,2	5,5
Francia	0,6	0,1	0,3	1,2	2,1	1,3	0,5	2,1	4,1
Italia	0,2	0,1	-0,1	1,3	1,2	0,6	-0,1	1,9	5,3
España	-0,2	-0,5	-0,2	2,0	1,7	0,7	-0,3	3,1	5,3
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,7	4,3	4,4	4,9	5,1	5,2	5,9	8,7
China	2,0	1,4	2,0	1,6	2,1	2,9	2,4	0,9	2,1
India	5,8	4,9	4,5	3,6	3,4	4,8	6,2	5,5	6,1
Taxa de desemprego									
Economías avanzadas	7,3	6,7	6,3	5,7	5,1	4,8	6,6	5,6	4,7
EE.UU.	6,2	5,3	4,9	4,4	3,9	3,7	8,1	5,4	3,5
Xapón	3,6	3,4	3,1	2,8	2,4	2,4	2,8	2,8	2,6
Zona Euro	11,7	11,0	10,1	9,1	8,3	7,6	8,0	7,7	7,3
Alemaña	5,0	4,6	4,1	3,8	3,4	3,2	3,8	3,5	3,2
Francia	10,3	10,4	10,0	9,4	9,0	8,4	8,0	7,9	7,8
Italia	12,8	12,0	11,7	11,3	10,6	9,9	9,3	9,5	9,3
España	24,4	22,1	19,6	17,2	15,3	14,1	15,5	14,8	13,4
Déficit público (% PIB)									
Economías avanzadas	-3,1	-2,6	-2,6	-2,4	-2,5	-3,0	-10,5	-7,3	-4,3
EE.UU.	-4,0	-3,5	-4,3	-4,6	-5,4	-5,7	-14,5	-10,2	-4,8
Xapón	-5,6	-3,7	-3,6	-3,1	-2,5	-3,0	-9,0	-7,6	-7,8
Zona Euro	-2,5	-2,0	-1,5	-0,9	-0,4	-0,6	-7,2	-5,5	-4,3
Alemaña	0,6	1,0	1,2	1,3	1,9	1,5	-4,3	-3,7	-3,3
Francia	-3,9	-3,6	-3,6	-3,0	-2,3	-3,1	-9,1	-7,0	-5,6
Italia	-3,0	-2,6	-2,4	-2,4	-2,2	-1,5	-9,6	-7,2	-6,0
España	-5,9	-5,2	-4,3	-3,0	-2,5	-2,9	-11,0	-7,0	-5,3
Países emerxentes e en desenvolvemento	-2,5	-4,2	-4,5	-3,9	-3,5	-4,5	-9,0	-5,3	-5,7
China	-0,7	-2,5	-3,4	-3,4	-4,3	-6,1	-10,7	-6,0	-7,7
India	-7,1	-7,2	-7,1	-6,2	-6,4	-7,5	-12,8	-10,4	-9,9

(1) Proxección

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.

nómica de China medra a un ritmo do 8,1% fronte ao 5,7% estimado para Estados Unidos. Asemade, cómpre mencionar o incremento do PIB do 8,9% estimado en India, o que contrasta coa medra do 1,6% de Xapón e o 2,8% de Alemaña, principal economía europea.

Xunto á devandita incerteza marcada pola evolución dos casos da covid, os cuellos de botella e as fortes tensións inflacionistas, a invasión rusa de Ucraína contribuirá a agudizar ao longo do ano 2022 a desaceleración do crecemento mundial iniciada a finais do ano precedente. O propio FMI resalta que as súas proxeccións están rodeadas dun elevado grado de incerteza predominando riscos á baixa das perspectivas, entre as que salientan: os derivados dun posible empeoramento da guerra; a intensificación das sancións aplicadas a Rusia; unha desaceleración superior á prevista en China; ou a aparición de novas cepas do virus.

Asemade, este organismo internacional sinala que a guerra de Ucraína incrementou a probabilidade de que aumenten as tensións sociais derivadas da combinación do encarecemento dos produtos alimenticios e maiores prezos enerxéticos. O ano 2021 caracterizouse por un acusado desequilibrio entre a demanda agregada, que experimenta un rápido crecemento por mor das políticas aprobadas para paliar o impacto da covid, e a oferta agregada, resultado, entre outros factores, do peche de empresas inducidos por novos brotes, restricións de portos e conxestión de liñas marítimas ou a escaseza de contenedores.

En 2021 a inflación, medida polo incremento medio anual do índice de prezos ao consumo, acadou o no conxunto das economías avanzadas un 3,1% (0,7% no ano anterior), porcentaxe significativamente inferior á rexistrada nas economías emerxentes e en desenvolvemento (5,9%, sete décimas máis que en 2020). Os datos recollidos no devandito informe do FMI amosan o desigual comportamento entre as distintas zonas, aumentando os prezos na zona euro un 2,6% e un 4,7% en Estados Unidos, o que contrasta coa deflación rexistrada en Xapón, cunha caída do 0,3% (aumenta un 2,2% nas economías emerxentes de Asia). As previsións para o ano 2022 reflicten que os prezos medrarán un 5,7%

nas economías avanzadas e un 8,7% nos mercados emerxentes e economías en desenvolvemento.

No devandito contexto internacional, o FMI prevé unha importante desaceleración da actividade económica mundial, estimando para o ano 2022 unha medra do 3,6%, dous puntos e medio menos que no ano anterior, fronte ao 5,4% das economías asiáticas ou o 3,7% de Estados Unidos e o 2,8% dos países da zona euro. Entre as principais economías tan só Xapón presenta un maior crecemento do PIB, cunha medra do 2,4%, oito décimas máis que a estimada en 2021. China, un dos poucos países que non entraron en recesión tras o impacto da covid, segue liderando o crecemento mundial, cunha medra do PIB en 2021 do 8,1%, prevendo unha importante desaceleración en comparación cos anos anteriores á crise (4,4% en 2022).

Atendendo aos distintos compoñentes da demanda, no conxunto das economías avanzadas o crecemento agregado do PIB ven explicado tan só pola demanda interna. Entre os distintos países ou zonas xeográficas existen importantes diferencias tendo en conta que a demanda externa detrae décimas ao crecemento agregado do PIB en Estados Unidos ou Reino Unido (1,2 e 1,1 puntos porcentuais, respectivamente), o que contrasta cun crecemento equilibrado na zona euro (a demanda interna aporta 4,2 puntos e a externa 1,1 puntos porcentuais) ou en Xapón, onde o motor de crecemento é a demanda externa (1 punto porcentual fronte aos 0,6 no caso da demanda interna).

Entre os compoñentes da demanda interna, o consumo privado presenta un maior dinamismo que o consumo público no conxunto das economías avanzadas. Fronte á contracción experimentada polo gasto en consumo privado no ano 2020 (-5,8%) o último ano caracterízase por unha medra do 5,3%, dous puntos máis que o estimado para o gasto das administracións públicas (1,8% en 2020). Non obstante, este comportamento é desigual entre as distintas economías tendo en conta, dunha banda, o maior dinamismo do gasto privado nos Estados Unidos en comparación co gasto en consumo público (7,9% e 1,1%, respectivamente); doutra banda, a taxa de crecemento interanual do consumo público é

superior ao privado no conxunto de países da zona euro (3,8% e 3,5%, respectivamente), en Xapón (2,1% e 1,3%) ou, en maior medida, no Reino Unido (14,3% e 6,2%, respectivamente).

No concernente ao investimento, medido en termos da formación bruta de capital fixo, cómpre resaltar que tras a contracción experimentada no ano 2020, a maior parte das economías avanzadas presentan taxas de variación interanuais positivas. Dunha banda, o investimento medra un 5,4% no conxunto das economías avanzadas, situándose esta porcentaxe no 6,1% en Estados Unidos, no 5,9% no Reino Unido, e no 4,3% na zona euro. Por contra, a economía xaponesa presenta no último ano unha contracción do investimento, reducíndose un 1,5% respecto ao ano anterior.

No que á evolución do emprego se refire, a covid provocou unha acusada destrución do emprego na maior parte das economías, situándose esta caída no 2,7% no conxunto das economías avanzadas. Coa reactivación da actividade económica iniciada en 2021, a ocupación medra un 1,7% respecto ao ano anterior nas economías avanzadas, situándose esta porcentaxe no 3,2% en Estados Unidos e no 1,1% no conxunto dos países da zona euro. Nesta área xeográfica cómpre salientar o incremento do 3% experimentado no mercado laboral español, o que contrasta coa destrución de emprego en Alemaña (-0,7%). Ao igual que en Alemaña, o Reino Unido presenta en 2021 unha caída da ocupación do 0,5% respecto ao ano precedente.

Xunto a esta mellora da ocupación rexístrase unha caída da taxa de desemprego, que no conxunto das economías avanzadas descende ata o 5,6%, acadando novamente valores significativamente máis reducidos en Xapón, cun 2,8%. Tanto os Estados Unidos como o Reino Unido presentan unha taxa de paro inferior á media das economías avanzadas, acadando o 5,4% e 4,5%, respectivamente, o que contrasta coa elevada taxa de paro da zona euro, cun 7,7%.

• Unión Europea (UE-27)

A pandemia do coronavirus conduciu ás economías eu-

ropeas a unha crise de proporcións históricas, estimándose unha contracción media anual do 5,9% para o conxunto da UE-27 e do 6,4% no conxunto dos países da zona euro. A reactivación da economía nestas dúas áreas comeza no segundo trimestre do ano, cando presentan taxas de crecemento interanuais superiores ao 14% (14% e 14,6%, respectivamente), moderándose estas taxas no segundo semestre do ano, acadando no cuarto trimestre do ano unha medra do 4,8% e 4,6%, respectivamente.

Ao igual que acontecera no ano 2019, todos os países da UE-27 rexistran no último ano taxas de crecemento positivas (**cadro 1.1.2.**), salientando entre as grandes economías europeas o crecemento de Francia e Italia, cunha medra interanual do 7% e 6,6%, respectivamente, o que contrasta co menor dinamismo de Alemaña, onde o PIB medra un 2,9%. En España a actividade económica medra un 5,1% e en Portugal, segundo socio comercial de Galicia, o incremento sitúase no 4,9%.

Atendendo á evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia cómpre resaltar que, entre as grandes economías europeas, tan só Francia supera o nivel precrise (un punto porcentual superior) situándose moi próximo no caso de Italia (tres décimas por baixo), o que contrasta coa situación en España (3,8 puntos menos) e en menor medida Portugal e Alemaña (1,4 e 1,1 puntos menos, respectivamente). Tanto o conxunto dos países da Unión Europea como o dos países da zona euro superaron xa o nivel precrise. O PIB real acadado no cuarto trimestre de 2021 é seis décimas superior ao mesmo período de 2019 no caso da UE e de dúas décimas no da zona euro.

Tanto no conxunto da UE-27 como dos países da zona euro, a recuperación da actividade económica ven explicada tanto polo achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB como en menor medida, da demanda externa. Dunha banda, o **cadro 1.1.3.** reflicte que a demanda interna achega ao crecemento da economía comunitaria un total de 4,4 puntos situándose a contribución do saldo exterior neto nun punto. Doutra banda, na zona euro a demanda interna aporta 4,2

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2019-22

	PIB				Inflación media (1)				Desemprego				Déficit Público (2)			
	2019	2020	2021	2022	2019	2020	2021	2022	2019	2020	2021	2022	2019	2020	2021	2022
	(taxa de variación anual)								(%)				(taxa de variación anual)			
Bélxica	2,1	-5,7	6,2	2,0	1,2	0,4	3,2	7,8	5,5	5,8	6,3	5,8	-2,0	-9,0	-5,5	-5,0
Alemaña	1,1	-4,6	2,9	1,6	1,4	0,4	3,2	6,5	3,0	3,7	3,6	3,3	1,5	-4,3	-3,7	-2,5
Estonia	4,1	-3,0	8,3	1,0	2,3	-0,6	4,5	11,2	4,5	6,9	6,2	6,8	0,1	-5,6	-2,4	-4,4
Irlanda	4,9	5,9	13,5	5,4	0,9	-0,5	2,4	6,1	5,0	5,9	6,2	4,6	0,5	-5,1	-1,9	-0,5
Grecia	1,8	-9,0	8,3	3,5	0,5	-1,3	0,6	6,3	17,9	17,6	14,7	13,7	1,1	-10,2	-7,4	-4,3
España	2,1	-10,8	5,1	4,0	0,8	-0,3	3,0	6,3	14,1	15,5	14,8	13,4	-3,1	-10,3	-6,9	-4,9
Francia	1,8	-7,9	7,0	3,1	1,3	0,5	2,1	4,9	8,4	8,0	7,9	7,6	-3,1	-8,9	-6,5	-4,6
Italia	0,5	-9,0	6,6	2,4	0,6	-0,1	1,9	5,9	9,9	9,3	9,5	9,5	-1,5	-9,6	-7,2	-5,5
Chipre	5,3	-5,0	5,5	2,3	0,5	-1,1	2,3	5,2	7,1	7,6	7,5	7,8	1,3	-5,8	-1,7	-0,3
Letonia	2,5	-3,8	4,5	2,0	2,7	0,1	3,2	9,4	6,3	8,1	7,6	7,3	-0,6	-4,5	-7,3	-7,2
Lituania	4,6	-0,1	5,0	1,7	2,2	1,1	4,6	12,5	6,3	8,5	7,1	7,2	0,5	-7,3	-1,0	-4,6
Luxemburgo	3,3	-1,8	6,9	2,2	1,6	0,0	3,5	6,8	5,6	6,8	5,3	5,2	2,3	-3,4	0,9	-0,1
Malta	5,9	-8,3	9,4	4,2	1,5	0,8	0,7	4,5	3,6	4,4	3,5	3,6	0,6	-9,5	-8,0	-5,6
Países Baixos	2,0	-3,8	5,0	3,3	2,7	1,1	2,8	7,4	4,4	4,9	4,2	4,0	1,7	-3,7	-2,5	-2,7
Austria	1,5	-6,7	4,5	3,9	1,5	1,4	2,8	6,0	4,8	6,0	6,2	5,0	0,6	-8,0	-5,9	-3,1
Portugal	2,7	-8,4	4,9	5,8	0,3	-0,1	0,9	4,4	6,7	7,0	6,6	5,7	0,1	-5,8	-2,8	-1,9
Eslovenia	3,3	-4,2	8,1	3,7	1,7	-0,3	2,0	6,1	4,4	5,0	4,8	4,8	0,4	-7,8	-5,2	-4,3
Eslovaquia	2,6	-4,4	3,0	2,3	2,8	2,0	2,8	9,8	5,7	6,7	6,8	6,7	-1,3	-5,5	-6,2	-3,6
Finlandia	1,2	-2,3	3,5	1,6	1,1	0,4	2,1	4,5	6,8	7,7	7,7	7,2	-0,9	-5,5	-2,6	-2,2
Bulgaria	4,0	-4,4	4,2	2,1	2,5	1,2	2,8	11,9	5,2	6,1	5,3	5,4	2,1	-4,0	-4,1	-3,7
Rep. Checa	3,0	-5,8	3,3	1,9	2,6	3,3	3,3	11,7	2,0	2,6	2,8	2,6	0,3	-5,8	-5,9	-4,3
Dinamarca	2,1	-2,1	4,7	2,6	0,7	0,3	1,9	5,1	5,0	5,6	5,1	4,8	4,1	-0,2	2,3	0,9
Croacia	3,5	-8,1	10,2	3,4	0,8	0,0	2,7	6,1	6,6	7,5	7,6	6,3	0,2	-7,3	-2,9	-2,3
Hungría	4,6	-4,5	7,1	3,6	3,4	3,4	5,2	9,0	3,3	4,1	4,1	3,8	-2,1	-7,8	-6,8	-6,0
Polonia	4,7	-2,2	5,9	3,7	2,1	3,7	5,2	11,6	3,3	3,2	3,4	4,1	-0,7	-6,9	-1,9	-4,0
Rumanía	4,2	-3,7	5,9	2,6	3,9	2,3	4,1	8,9	4,9	6,1	5,6	5,5	-4,3	-9,3	-7,1	-7,5
Suecia	2,0	-2,9	4,8	2,3	1,7	0,7	2,7	5,3	7,0	8,5	8,8	7,8	0,6	-2,7	-0,2	-0,5
UE-27	1,8	-5,9	5,4	2,7	1,7	0,7	2,9	6,8	6,8	7,2	7,0	6,7	-0,6	-6,8	-4,7	-3,6

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA,PP, en porcentaxe do PIB

Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera, abril 2022*

1.1.2.

PIB na UE-27 no período 2019-2022: distribución segundo compoñentes


	2019	2020	2021	2022
	(%)			
Gasto en consumo final do sector privado	1,6	-7,3	3,8	3,3
Gasto en consumo final das administracións públicas	2,0	1,1	3,8	0,8
Formación Bruta de Capital Fixo	6,5	-6,2	4,2	3,1
Achega demanda interna (1)	2,4	-5,5	4,4	2,5
Exportacións de bens e servizos	3,0	-8,4	10,7	5,0
Importacións de bens e servizos	4,6	-8,2	9,3	5,0
Saldo exterior neto (1)	-0,6	-0,4	1,0	0,2
PIB	1,8	-5,9	5,4	2,7

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera, abril 2022*

1.1.3.

Débeda pública nas economías europeas 2009-21 (1)



(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.4.

puntos ao crecemento do PIB fronte aos 1,1 da demanda externa.

Ao igual que acontecera dende o inicio da recuperación económica ata o ano 2019, todos os compoñentes da demanda, tanto interna como externa, presenta taxas de variación interanuais positivas. Dunha banda, o investimento no conxunto da UE medra un 7% respecto ao ano anterior (-8,3% en 2020) e o gasto en consumo final o fixo nun 3,7%, sendo lixeiramente superior o gasto privado que o das administracións públicas (3,8% e 3,6%, respectivamente). Doutra banda, no que á demanda externa se refire, as exportacións comunitarias medran un 10,7%, case punto e medio máis que o experimentado polas importacións (9,3%).

No concernente ás consecuencias da crise económica sobre o emprego, as axudas públicas implementadas a nivel europeo (Mecanismo SURE) así como nos distintos países de xeito individual, evitaron no ano 2020 un aumento drástico nas taxas de desemprego. No último ano a taxa de desemprego da UE-27 descende ata o 7%, prevéndose taxas de desemprego do 6,7% en 2022


e do 6,5% en 2023, cando no ano previo á se situaba no 6,8%.

España é a economía da UE con maior taxa de desemprego (14,8%) superando este ano a Grecia (14,7%). Unhas taxas de desemprego moi preocupantes tanto pola súa contía como polo feito de que os mercados de traballo necesitarán tempo para recuperar a dinámica previa á crise económica.

Panorama económico de España

Tras a forte contracción da economía española ao longo do ano 2020 motivada polo impacto da pandemia da covid-19, España rexistra a partir do segundo trimestre de 2021 unha reactivación da súa actividade económica. No conxunto do ano, o PIB real presenta unha taxa de variación interanual do 5,1%. Atendendo á súa evolución trimestral dende o inicio da actual crise sanitaria, no derradeiro trimestre do ano a economía española aínda non acadara o seu nivel precrise, atopándose case catro puntos porcentuais por baixo respecto ao cuarto trimestre de 2019.

PIB en Galicia e España 2008-21⁽¹⁾⁽²⁾: evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionales e de calendario (consulta: 7-3-2022)

(2) Os datos dos anos 2019 son provisionais. Os datos dos anos 2020 e 2021 son avance

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España. e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.1.5.

No que se refire á análise da evolución do PIB polo lado da demanda, a devandita reactivación prodúcese tanto por unha achega positiva da demanda interna como en menor medida da demanda externa. Como reflicte o **cadro 1.1.6.**, a demanda interna aporta 4,7 puntos ao crecemento agregado do PIB de 2021 (detrae 8,6 puntos no ano anterior), en tanto que a demanda externa presenta unha aportación de cinco décimas (-2,2% no ano precedente).

A declaración do estado de alarma en marzo de 2020 e as consecuencias económicas do mesmo correspóndense coas aportacións ao crecemento agregado do PIB máis negativas no segundo trimestre do ano tanto da demanda interna, que detrae 18,2 puntos como da demanda externa cunha aportación negativa do 3,3 puntos (**cadro 1.1.8.**). Estas aportacións negativas mantéñense ata o primeiro trimestre do ano 2021 aínda que a unha menor intensidade. A reactivación económica que se inicia no segundo trimestre deste último ano ven motivada tanto por unha contribución positiva

da demanda interna como externa, rematando o ano cunha achega de 3,8 e 1,8 puntos, respectivamente (cuarto trimestre).

Entre os compoñentes da demanda interna, tras a caída sen precedentes rexistrada no ano 2020, o gasto en consumo final e o investimento, medido en termos da formación bruta de capital (FBC), presentan unha medra interanual do 4,7 e 6,8%. Dunha banda, no que ao gasto en consumo final se refire é especialmente destacable a taxa de variación interanual do gasto en consumo final dos fogares que rexistra unha medra interanual do 4,7%, cun pico máximo do 23% no segundo trimestre do ano (porcentaxe non obstante inferior á caída experimentada no mesmo período do ano anterior). Por outra banda, o gasto en consumo final das Administracións Públicas presenta un crecemento interanual do 3,1%, dúas décimas menos que no ano anterior.

A devandita medra rexistrada pola formación bruta de

PIB en España 2020-21: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2020	2021	2020				2021			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	-8,2	4,2	-3,2	-17,4	-5,8	-6,4	-3,6	16,8	2,3	3,1
Gasto en consumo final dos fogares	-12,2	4,7	-5,1	-24,5	-9,0	-10,1	-6,6	23,0	1,8	4,2
Gasto en consumo final das ISFLSH	-1,5	1,3	1,4	-1,6	-3,8	-1,8	1,5	1,8	1,7	-0,0
Gasto en consumo final das AA.PP.	3,3	3,1	2,2	2,7	3,6	4,7	4,4	4,1	3,5	0,4
Formación bruta de capital fixo	-9,5	4,3	-2,9	-22,2	-7,3	-5,7	-3,3	20,6	0,3	2,8
Activos fixos materiais	-10,5	4,1	-3,6	-24,8	-7,5	-6,3	-3,6	23,4	-0,7	1,3
Construción	-9,6	-2,8	-1,4	-20,3	-7,8	-8,8	-10,5	11,2	-5,5	-3,9
Bens de equipo	-12,9	16,0	-7,7	-33,8	-7,6	-2,6	8,1	49,5	7,0	9,5
Productos da propiedade intelectual	-4,3	5,5	0,6	-8,9	-6,2	-2,8	-1,4	8,5	5,4	9,9
Demanda interna (2)	-8,6	4,7	-3,5	-18,2	-6,4	-6,5	-3,0	17,7	2,4	3,8
Exportacións de bens e servizos	-20,1	14,7	-7,1	-38,3	-19,7	-15,3	-6,7	40,4	16,1	17,9
Exportacións de bens	-9,2	11,1	-2,9	-27,3	-5,2	-1,1	5,1	37,1	7,3	1,2
Exportacións de servizos	-43,2	27,1	-16,0	-61,5	-50,2	-45,3	-35,0	53,6	51,3	81,6
Importacións de bens e servizos	-15,2	13,9	-5,1	-31,6	-14,5	-9,5	-3,9	40,6	13,2	13,1
Importacións de bens	-11,4	14,1	-4,4	-28,2	-8,7	-4,5	0,5	39,9	11,1	11,1
Importacións de servizos	-30,8	13,2	-8,3	-46,1	-38,4	-29,8	-23,5	44,8	25,9	23,7
Demanda externa (2)	-2,2	0,5	-0,9	-3,3	-2,2	-2,3	-1,0	0,0	1,0	1,8
PIB a prezos de mercado	-10,8	5,1	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,1	17,8	3,5	5,5
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4,3	-3,7	0,2	6,7	3,1	7,3	-0,4	-5,1	-4,3	-4,7
Industria	-10,1	5,2	-5,6	-24,8	-5,8	-4,4	0,2	23,5	-0,3	1,3
Industria manufactureira	-12,1	5,9	-7,0	-29,2	-6,9	-5,3	-0,3	29,3	0,4	-0,1
Construción	-11,3	-3,4	-2,9	-25,1	-7,4	-9,6	-9,7	11,5	-8,8	-3,6
Servizos	-11,5	6,0	-4,1	-21,8	-9,8	-10,3	-5,0	17,8	5,8	7,7
Impostos netos sobre os produtos	-11,0	6,7	-6,3	-19,9	-8,7	-8,9	-1,2	21,8	2,9	5,4

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 9-02-2022)

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España.

1.1.6.

capital ven motivada polo incremento do 4,1% do investimento en activos fixos materiais e do 5,5% no caso dos produtos da propiedade intelectual. Entre os distintos compoñentes, cómpre mencionar o comportamento do investimento en maquinaria, bens de equipamento e sistemas de armamento, cunha medra interanual do 16%.

No concernente á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan no conxunto do ano 2021 unha medra interanual do 14,7%, fronte á contracción superior ao 20% rexistrada no ano precedente. Este incremento prodúcese tanto polo comportamento das exportacións de bens (11,1%) como de servizos (27,1%).

As importacións de bens e servizos increméntanse un 13,9% no ano 2021 respecto ao ano precedente. Esta medra explícase polo aumento do 14,1% nas importacións de bens así como do 13,2% na importación de servizos.

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que a reactivación da actividade económica explícase pola evolución dos sectores industrial e servizos, que presentan un incremento interanual do 5,2% e 6%, respectivamente. Por contra, o sector primario rexistra unha contracción do 3,7% na xeración do VEB fronte á caída do 3,4% experimentada na construción.

Índices de competitividade de España 2008-21 ⁽¹⁾

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia ⁽²⁾	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2008	109,7	107,1	114,6	107,6	105,7	112,0	127,6	122,2
2013	110,1	109,4	100,9	107,4	107,5	98,5	101,2	103,4
2019	107,3	109,3	98,3	105,0	107,2	95,4	86,5	92,6
2020	106,6	108,0	99,5	104,3	106,3	96,8	86,4	92,4
2021	107,1	110,5	99,9	104,7	108,6	96,9	86,9	95,9

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.7.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, cómpre mencionar o importante crecemento interanual experimentado pola industria manufacturera (5,9%); así como do 14,2% no subsector do comercio, transporte e hostalería (seccións G-I, CNAE 2009); do 4,7% nas actividades profesionais, científicas e técnicas (sección M); e do 3,1% no caso da Administración pública, educación e sanidade (seccións O-Q). No último ano o crecemento menos intenso rexistrouse no conxunto de actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T) presenta unha contracción do veb, cunha medra interanual do 0,4% (-24,7% no ano anterior).

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, prezos industriais e custos laborais, reflicten que España presenta unha perda tanto fronte ao conxunto dos países da UE-27 e da zona euro como fronte aos novos países industrializados de Asia. Tal e como amosa o **cadro 1.1.7.**, esta perda de competitividade é máis acusada en termos de prezos industriais que no dos prezos ao consumo e custos laborais.

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan unha recuperación tanto da remuneración por asalariado como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas, se

ben este incremento é inferior ao rexistrado polo PIB en termos correntes. A remuneración de asalariados aumentou en España un 5,4% en relación ao ano anterior (contráese un 5,6% en 2020), en tanto que a taxa de variación interanual do PIB foi do 7,4%. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados descende ata o 47,5%, un punto menos que en 2020 (**cadro 1.1.8.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2021 unha medra medio anual do 6,5%, fronte ao descenso do 11,9% rexistrado no ano anterior. Finalmente, os impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan un 22,7% o que contrasta coa caída do 20,3% experimentada no ano anterior. O peso relativo do EBE descende ata o 42,1%, catro décimas menos que en 2020, en tanto que os impostos netos representan o 10,4% do PIB (9,1% no ano precedente).

A devandita reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha medra da ocupación e unha caída do desemprego no conxunto do ano 2021. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi do 6,6% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe superior á poboación ocupada estimada pola EPA e ao número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade

Distribución funcional da renda en España 2008-2021 ⁽¹⁾

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
	(en millóns de euros)			
2008	1.109.541	544.126	477.690	87.725
2013	1.020.348	467.521	454.984	97.843
2019	1.244.375	575.889	540.907	127.579
2020	1.121.948	543.856	476.416	101.676
2021	1.205.063	572.970	507.304	124.789
	(% / PIB)			
2008	100,0	49,0	43,1	7,9
2013	100,0	45,8	44,6	9,6
2019	100,0	46,3	43,5	10,3
2020	100,0	48,5	42,5	9,1
2021	100,0	47,5	42,1	10,4

(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 13-05-2022)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España.

1.1.8.

Mercado de traballo en Galicia e España: 2008-21

	Galicia					España				
	2008	2013	2019	2020	2021	2008	2013	2019	2020	2021
	(taxas de variación interanual)									
PIB (1)	1,1	-0,8	1,1	-8,9	5,6	0,9	-1,4	2,1	-10,8	5,7
Emprego										
Afiliados en alta na Seguridade Social	0,2	-3,4	1,8	-1,9	1,8	-0,8	-3,1	2,6	-2,2	2,6
Ocupación	0,7	-3,9	1,6	-1,9	1,0	-0,5	-2,8	2,3	-2,9	3,0
Paro estimado	16,2	5,2	-12,1	0,5	-2,5	40,6	4,1	-6,6	8,7	-2,9
Paro rexistrado	7,9	2,0	-6,5	10,4	-9,3	24,6	2,6	-4,0	17,8	-3,9
Desenvolvemento empresarial										
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	-2,4	-1,8	-0,7	-3,3	2,3	-5,3	-0,2	-0,5	-3,3	2,8
Sociedades mercantís creadas (3)	-17,6	2,1	-6,2	-16,4	23,4	-26,3	6,3	-1,6	-15,8	27,9
	(miles de traballadores)									
Regulación do emprego										
Traballadores afectados por expedientes autorizados	3,0	-6,7	-1,4	35,5	-38,2	85,2	-103,3	16,0	928,9	-966,6

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, base 2019 (consulta: 23-03-2022)
datos 2020 e 2021 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2020 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

1.1.9.

Emprego nas CC.AA. 2020-21

	Emprego 2020			Emprego 2021		
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación (%)	Taxa paro	Taxa Actividade	Taxa Ocupación (%)	Taxa paro
Andalucía	55,4	43,0	22,3	57,0	44,7	21,7
Aragón	58,1	51,3	11,7	58,6	52,6	10,2
Asturias	50,0	43,0	14,1	50,7	44,3	12,5
Baleares	61,6	51,7	16,1	63,2	53,9	14,8
Canarias	57,1	44,2	22,6	58,0	44,5	23,2
Cantabria	53,8	47,3	12,1	55,5	49,1	11,5
Castela e León	53,8	47,3	12,1	54,2	48,0	11,4
Castela-A Mancha	57,3	47,1	17,7	59,2	49,9	15,6
Cataluña	60,3	52,7	12,6	61,3	54,2	11,6
C. Valenciana	57,2	47,9	16,2	57,8	48,6	15,9
Extremadura	54,4	42,5	21,8	55,2	44,4	19,5
Galicia	52,2	45,9	12,0	52,5	46,4	11,7
Madrid	62,1	54,4	12,5	63,4	56,1	11,6
Murcia	58,8	49,3	16,2	60,3	51,7	14,3
Navarra	57,1	51,4	10,1	58,6	52,4	10,6
País Vasco	55,1	49,8	9,5	56,0	50,5	9,8
A Rioxa	58,4	52,1	10,8	59,9	53,0	11,5
Ceuta	56,4	42,5	24,5	55,9	41,0	26,7
Melilla	62,2	47,5	23,6	63,3	50,8	19,8
Total	57,4	48,5	15,5	58,5	49,9	14,8

Fonte: INE, EPA

1.1.10.

Social en España (3% e 2,6% máis que no ano precedente, respectivamente). A pesar de que o PIB en termos reais atópase aínda por baixo do nivel precrise, as afiliacións superaron xa dito nivel (0,3% superior) sendo similar no caso da poboación ocupada estimada pola EPA; por contra, o nivel de emprego reflectido polas contas económicas para o ano 2021 sitúase aínda un 1,3% por baixo da ocupación de 2019.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servizo Público de Emprego en 2021 redúcese en 144.585 persoas en relación ao ano precedente (3,9%), situándose esta caída no 2,9% no caso da poboación parada estimada pola EPA (101.300 persoas menos). A taxa de paro en España descende ata o 14,8%, porcentaxe moi superior á rexistrada na UE-27 (7%), e á de países como Alemaña (3,6%), Portugal (6,6%), Francia (7,9%) ou Italia (9,5%), estando por riba a nivel europeo da taxa de desemprego rexistrada en Grecia (14,7%).

- Comunidades Autónomas

A Contabilidade Rexional de España, publicada en decembro de 2021 con datos para o período 2000-2020,

reflicte o desigual impacto da covid nas diferentes CC.AA. Se ben todas elas presentan unha contracción da súa actividade económica, Galicia rexistra unha taxa de decrecemento anual do PIB en 2020 en termos de volume do 9,1%, porcentaxe inferior á media estatal (-10,8%) pero sensiblemente superior á da UE-27, que foi do 5,9%. En termos per cápita o PIB no ano 2020 en Galicia foi de 21.903 euros, fronte aos 23.693 euros de media estatal e os 29.890 euros da UE-27.

En termos de emprego, os datos por CC.AA. proporcionados pola EPA permiten facer unha análise máis actualizada con datos estimados para o ano 2021. Unha primeira aproximación ao mercado de traballo nas diferentes CC.AA. pode facerse a partir dos valores dos grandes agregados recollidos no **cadro 1.1.10.**: taxas de actividade, ocupación e desemprego.

Dunha banda, a taxa de actividade sitúase en España no 58,5% fronte ao 52,5% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 49,9% e 14,8%, respectivamente (46,4% e 11,7% en Galicia). Comparativamente co resto das CC.AA., Galicia mantense como a segunda Comunidade coa taxa de actividade máis reducida, tan só por diante de Asturias (50,7%); e como

Ranking das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional 2009-2020

	2009	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra
3	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	Aragón	Asturias	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioja	A Rioja
6	A Rioja	A Rioja	A Rioja	Aragón	A Rioja	A Rioja	A Rioja	Aragón	Aragón
7	Castela e León	Asturias	Cantabria	A Rioja	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Asturias	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Asturias	Galicia	Galicia	Cantabria
9	Galicia	Cantabria	Castela e León	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Cantabria	Galicia
10	Cantabria	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Asturias	C. Valenciana	Asturias
11	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Asturias	C. Valenciana
12	Baleares	Baleares	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Murcia	Murcia
13	Canarias	Murcia	Baleares	Baleares	Murcia	Baleares	Baleares	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha
14	Murcia	Canarias	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Baleares	Baleares
15	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias
16	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2021 "

1.1.11.

a quinta C.A. cunha menor taxa de ocupación, só por diante de Andalucía (44,7%), Canarias (44,5%), Extremadura (44,4%) e Asturias (44,2%). Doutra banda, no que á taxa de desemprego se refire, Galicia ocupa unha posición intermedia (11,7%), aínda que o nivel de paro atópase lonxe das rexistradas no País Vasco (9,8%), Aragón (10,2%) ou Navarra (10,6%).

No que respecta á situación competitiva das CCAA, os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas na súa publicación "Informe de la Competitividad Regional en España 2021", con datos correspondentes ao ano 2020, permite ver como o covid incidiu nunha perda de competitividade promedio das CC.AA. do 2,3% respecto ao ano precedente, porcentaxe similar á diminución media anual experimentada ao longo da crise financeira entre 2008 e 2013, producíndose esta caída de xeito asimétrico nas distintas Comunidades. O valor do

ICERG reflicte que Galicia presenta unha redución da competitividade do 2,3%, situándose en 7,69.

Tal como se observa no **cadro 1.1.11.**, a pesar do devandito impacto asimétrico da covid, o ranking das CC.AA. segundo o valor do ICREG e a composición dos grupos amosa escasas variacións en relación ao ano anterior. No último ano tan só Galicia, xunto coa C. Valenciana, presenta unha perda da súa posición relativa ao situarse no ano 2020 no noveno posto (oitavo no ano anterior) o que a mantén nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. Un ano máis, á Comunidade de Madrid sitúase no primeiro lugar do ranking de CCAA que, xunto a Navarra e o País Vasco, conforman o grupo de nivel competitivo relativo ALTO. En segundo lugar, o grupo de nivel MEDIO-ALTO queda constituído por Cataluña e A Rioja. A continuación, Aragón, Castela e León, Galicia, Cantabria e Asturias clasifícanse no nivel competitivo relativo MEDIO-

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2020

	Posición	Nivel competitivo	Tendencia
Eixo 1.- Entorno económico	9	Medio-Baixo	Forte descenso
Eixo 2.- Mercado de traballo	8	Medio-Alto	Sen cambio
Eixo 3.- Capital humano	6	Medio-Alto	Moderado
Eixo 4.- Entorno institucional	7	Medio-Alto	Leve
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	12	Baixo	Descenso
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	Baixo	Forte descenso
Eixo 7.- Innovación	10	Medio-Baixo	Leve
Galicia	9	Medio-Baixo	Moderado descenso

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2021"

1.1.12.

BAIXO. Finalmente, o grupo de comunidades cun nivel considerado BAIXO está constituído pola C. Valenciana, Murcia, Castela-A Mancha, Illas Baleares, Canarias, Andalucía e Estremadura, que segue ocupando o último lugar do ranking competitivo.

A análise da competitividade rexional considera 15 indicadores que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permitindo identificar os factores determinantes para a mesma e as claves para a súa mellora.


No que á intensidade do dinamismo competitivo da economía galega se refire, Galicia está encadrada entre as CC.AA. cun moderado descenso, xunto con Madrid e o País Vasco. Con todo, o **cadro 1.1.12.** amosa un comportamento moi dispar: dunha banda, tres dos sete eixos presentan un crecemento superior ao promedio estatal, salientando o capital humano (eixo 3), que presenta un crecemento considerado como moderado, sendo leve no caso do entorno institucional (eixo 4) e innovación (eixo 7); doutra banda, a caída global ven motivada pola evolución do entorno económico (eixo 1) e a eficiencia empresarial (eixo 6) que caen de forma importante, presentando unha evolución tamén negativa o entorno de infraestruturas básicas (eixo 5).

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de paro de longa duración (eixo 2), déficit e delitos (eixo 4), empresas máis de 250 traballadores (eixo 6), Investigadores, comercio electrónico e gasto en I+D (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden ás Variacións do PIB real (eixo 1), taxa de paro xuvenil (eixo 2), Formación por ocupados (eixo 3), Esfuerzo fiscal (eixo 4), Tráfico aéreo (eixo 5), Dinamismo, Variación da produtividade e variación dos custos laborais unitarios (eixo 6) e Patentes (eixo 7).

Finalmente, o devandito informe sobre a competitividade rexional en España elabora no seu apartado final, a partir de una serie de variables e indicadores directos e indirectos, unha aproximación á maior ou menor sensibilidade aos efectos da crise da covid19 sobre a competitividade rexional. Partindo do listado de indicadores, e da información dos mesmos para as 17 CC.AA. e do conxunto de España, procédese a comparar cada observación co valor promedio para España, para así establecer unha clasificación en tres niveis segundo a intensidade do impacto relativo esperado:

- Alto: valor superior ao 115% da media.
- Elevado: valor comprendido entre o 75% e o 115%.
- Importante: valor inferior ao 75% da media.

Exposición ao risco para a recuperación 2022



Nota: [1] Caída estimada, [2] Variación da ocupación, [3] Variación da produtividade real, [4] Tasa de paro de longa duración, [5] Níves, [6] Poboación con carencia material severa, [7] Taxa de risco de pobreza, [8] Emisións de CO₂, [9] Gasto corrente en protección ambiental, [10] Sectores manufactureiros de alta e media-alta tecnoloxía, [11] Servizos de alta tecnoloxía, [12] VAB Información e comunicacións, [13] Poboación sen competencias dixitais, [14] Poboación sen habilidades de información, [15] Poboación sen competencias informáticas.

Fonte: Consejo General de Economistas. *Informe de la competitividad regional en España 2021*

1.1.13.

Os resultados desta clasificación aparecen no **cadro 1.1.13.**

Galicia presenta un impacto severo na produción industrial. En conxunto as CC.AA. que verán máis afectada a súa competitividade por efecto da pandemia serán Canarias, Estremadura, Andalucía e Illas Baleares. Outras cinco Comunidades presentarían unha sensibilidade media, entre as que se atopa Galicia xunto con Murcia, a C. Valenciana, Castela e León e Castela-A Mancha. Por contra, Madrid e País Vasco son as CC.AA. que presentan unha maior sensibilidade aos efectos da pandemia (desviación respecto á media).

No caso concreto de Galicia, cómpre mencionar que a súa situación macroeconómica de partida, ao igual que no caso de Murcia ou Estremadura, é mellor que noutras CC.AA. ao non sufrir un impacto tan severo, e como

consecuencia, terá menos secuelas post pandémicas. Pola contra, o devandito informe sinala que a dixitalización é un punto débil para Galicia ao igual que no ámbito da sostenibilidade.

Se se consideran os quince indicadores mencionados anteriormente, Galicia presenta unha baixa exposición ao risco no que se refire á caída estimada da actividade económica (1), ocupación (2) e poboación con carencia material severa (3). Por contra, presenta un elevado grado relativo de exposición ao risco en indicadores vinculados á sostenibilidade como as emisións de CO₂ (8); e á dixitalización, como sectores manufactureiros de alta e media tecnoloxía (10), servizos de alta tecnoloxía (11) VEB xerado polas actividades de información e comunicacións (12), poboación sen competencias dixitais (13) e poboación sen habilidades de información (14).

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-27
Superficie	(en Km ²)		50.862,6	29.576,7	21.285,9	4.214.995,7
Poboación						
		01/01/2021	6.263,3	2.696,9	3.566,4	447.218,8
		01/01/2020	6.277,9	2.702,6	3.575,3	447.319,9
Poboación de dereito	(miles de persoas)	01/01/2019	6.273,0	2.700,4	3.572,6	446.446,4
		01/01/2018	6.279,4	2.703,1	3.576,2	446.208,6
		01/01/2017	6.294,8	2.710,2	3.584,6	445.534,4
Densidade de poboación	(habs. / km ²)	01/01/2021	123,1	91,2	167,5	106,1
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			3,7	6,1	2,1	3,6
Industria	(%)	2021	22,4	15,9	26,7	18,2
Construción			6,8	6,7	6,9	6,7
Servizos			67,0	71,3	64,3	71,5
Desemprego (taxas paro)						
Total			8,9	11,8	6,8	7,2
Longo prazo (1)	(%)	2021	3,8	4,9	3,1	2,8
Feminino			9,8	13,0	7,7	7,5
Mozos (menores de 25 anos)			25,9	32,2	23,3	16,6
Produto interior bruto						
		2018	139.329,2	67.012,6	72.316,6	13.531.487,7
PIBpm	(millóns de €)	2019	144.144,3	69.138,0	75.006,3	14.015.405,8
		2020	133.855,6	62.951,8	70.903,8	13.394.140,8
		2018	73,3	81,9	66,8	100
PIB per cápita	(%, UE-27=100)	2019	73,3	81,6	67,0	100
		2020	71,4	77,9	66,4	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
Consulta a 27/04/2022

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.14.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal


A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.862 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.263.250 habitantes a 1 de xaneiro de 2021, 14.680 persoas menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,1 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,4%.

En termos de PIB per cápita en paridade de poder adquisitivo, a covid implicou un incremento do diferencial con respecto á media europea. O PIB por habitante da Eurorrexión en 2020 representa o 71,4% dos 27 países da UE, porcentaxe case dous puntos porcentuais inferior á rexistrada nos dous anos anteriores. Como se aprecia no **cadro 1.1.14.**, existe unha importante dife-

renza entre Galicia e a rexión Norte de Portugal, acadando este indicador os 77,9 puntos en Galicia (UE-27 = 100) fronte aos 66,4 puntos no norte de Portugal. Sen embargo, no último ano redúcese de xeito importante este diferencial, motivado non só por unha maior caída da poboación na rexión norte de Portugal (-0,3% fronte ao -0,2% en Galicia) senón tamén por unha menor contracción da actividade económica derivada da expansión do coronavirus (-5,5% e -8,9%).

No que respecta ao emprego, superado o impacto inicial da covid, os datos publicados en Eurostat amosan que no conxunto do ano 2021 a poboación activa aumenta tanto en Galicia como no Norte de Portugal, para situarse en Galicia en 1.209.500 persoas (6.000 máis que no ano precedente), en tanto que na rexión Norte de Portugal acada un total de 1.764.600 persoas (12.900 persoas activas máis). A taxa de actividade de Galicia e Norte de Portugal é de 51,2% e 56,6%, respec-

Taxa de paro: Galicia e Norte de Portugal 2008-2021



Fonte: EUROSTAT

1.1.15.

tivamente, porcentaxe que se sitúa no 54,2% no conxunto da Eurorrexión, 1,4 puntos inferior á media comunitaria (55,6%).

A poboación ocupada na Eurorrexión ascendeu no ano 2021 a 2.713.100 persoas (o 49,5% da poboación de 15 ou máis anos), dos que o 65,1% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 22,4% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 3,7% e o 6,8%, respectivamente.

Un aspecto fundamental a destacar é o distinto peso da ocupación por sectores nas dúas rexións. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,3% das persoas ocupadas fronte ao 64,4% no Norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é máis de dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 26,7% e o 15,9%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,1% da ocupación total en Galicia fronte ao 2,1% no norte de Portugal.

Finalmente no que respecta ao desemprego e ás taxas

de paro, Galicia rexistra a taxa de paro máis elevada co 11,7% en 2021 fronte ao 6,8% da rexión norte de Portugal, que se sitúa por baixo da media da UE-27. No **gráfico 1.1.15.** obsérvase a evolución da taxa de paro en Galicia e no Norte de Portugal. A taxa de paro en Galicia é superior en toda a serie analizada, sendo cada vez máis elevada a diferenza existente entre as dúas rexións en canto á poboación parada. Así a diverxencia é notable, a taxa de paro galega no ano 2009 era 1,3 puntos porcentuais superior á rexistrada no Norte de Portugal, acadando esta diferenza os 5,1 puntos porcentuais no ano 2021.

O desemprego dos menores de 25 anos, a pesar do descenso, presenta valores moi elevados en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 32,2% fronte ao 23,3% no Norte de Portugal e o 25,9% na Eurorrexión (16,6% na UE-27).

Xunto aos devanditos indicadores relativos á poboación, á converxencia en termos do PIB por habitante e ao mercado de traballo, o índice sintético rexional de innovación elaborado pola Comisión Europea permite comparar a evolución de Galicia e a rexión norte de Portugal dende o ano 2014 e a súa comparación coas 240 rexións europeas analizadas. Dunha banda cómpre mencionar que o índice sintético de innovación sitúa a

Evolución do Índice rexional de innovación 2014-2021

Unión Europea (UE-27 =100)				
	Galicia		Norte Portugal	
	Valor	ranking (1)	Valor	ranking (1)
2014	74,7	150	80,5	142
2015	75,7	151	81,6	143
2016	74,3	153	81,3	143
2017	78,4	146	81,4	144
2018	79,5	146	81,3	143
2019	77,0	156	88,9	132
2020	79,4	152	92,0	130
2021	78,9	156	80,3	151

Unión Europea (UE-27 ano 2014 = 100)					
	Galicia	Norte Portugal			UE-27
		Portugal	España	Portugal	
2014	74,7	80,5	82,6	82,3	100,0
2015	76,6	82,5	84,4	83,8	101,2
2016	75,9	83,1	83,8	84,2	102,2
2017	81,1	84,2	87,8	83,5	103,5
2018	83,3	85,1	89,1	83,6	104,7
2019	84,2	97,2	92,5	93,8	109,4
2020	88,5	102,5	95,1	98,4	111,4
2021	90,7	92,2	96,0	90,3	114,8
Incr. 14-21	16,0	11,8	13,4	8,0	14,8

(1) O número total de rexións analizadas é de 240

Fonte: Comisión Europea. *Índice Rexional de Innovación 2021*

1.1.16.

Galicia e ao norte de Portugal como rexións innovadoras moderadas se ben Galicia se sitúa no terzo inferior. Comparado co resto das rexións analizadas, Galicia ocupa o posto 156, cinco postos por baixo do que acontece co norte de Portugal, o que supón o ranking máis baixo de toda a serie analizada (2014-2021).

En termos dinámicos, tomando como base o valor do índice de innovación da UE-27 no ano 2014, o **cadro 1.1.16.** reflicte que Galicia presenta unha mellora da súa posición relativa superior tanto á experimentada na rexión norte de Portugal como na UE-27. Asemade, o comportamento do índice rexional de innovación nestas dúas rexións é mellor que o experimentado no conxunto dos seus respectivos países. Ao mesmo tempo cómpre resaltar o maior impacto negativo da covid na rexión norte de Portugal que en Galicia atendendo ao

devandito índice sintético, cunha caída superior a dez puntos no índice de 2021 en relación ao ano anterior no primeiro caso e en torno aos dous puntos no caso galego.

Con independencia dunha análise máis polo miúdo dos distintos compoñentes do índice para Galicia no capítulo 5.1. *Recursos e capacidades para o desenvolvemento* desta Memoria, cómpre mencionar a mellor posición relativa da C.A. no ámbito de formación, tanto terciaria (posto 40 das 240 rexións analizadas) como formación continua e a capacitación dixital (persoas con habilidades dixitais por riba da media), así como na colaboración entre pemes innovadoras e o emprego en actividades intensivas en coñecemento. Por contra, a rexión Norte de Portugal destaca no ámbito das solicitudes de deseño e marcas (postos 20 e 28), salientando

Índice rexional de innovación 2021. Desagregación segundo indicadores

	Galicia			Norte de Portugal			UE-27	
	Índice	Cambio 21-14	Ranking 2021	Índice	Cambio 21-14	Ranking 2021	Índice	Cambio 21-14
Poboación con educación terciaria	161,9	25,6	40	104,4	31,0	130	128,9	28,9
Educación continua ao longo da vida	109,1	8,1	89	89,9	-6,1	124	110,0	10,0
Publicacións científicas internacionais	120,2	27,3	126	145,1	39,5	83	131,1	31,1
Publicacións científicas máis citadas	91,6	10,8	129	92,0	-10,8	128	89,3	-10,7
Persoas con habilidades dixitais xerais por riba das básicas	140,5	32,2	118	117,4	21,9	141	122,2	22,2
Investimento público en I+D	63,4	-2,8	135	95,8	2,8	84	96,5	-3,5
Investimento empresarial en I+D	37,0	0,8	171	65,4	13,4	120	111,0	11,0
Investimento innovación (non I+D)	98,5	27,7	166	105,7	-55,3	148	113,6	13,6
Pemes innovadoras en produtos	51,3	11,3	209	114,6	15,8	155	141,1	41,1
Pemes innovadoras en procesos de negocio	41,9	-7,8	186	83,5	-38,4	163	133,1	33,1
Colaboración entre pemes innovadoras	109,5	19,5	154	70,2	12,4	196	146,5	46,5
Publicacións público-privadas	100,0	29,6	146	107,6	32,4	134	112,1	12,1
Solicitud de patentes	48,3	-10,0	148	57,3	8,4	135	86,8	-13,2
Solicitud de marcas	98,8	14,7	100	162,6	70,2	28	105,0	5,0
Solicitud de deseño	42,6	-24,8	180	131,9	-27,1	20	68,5	-31,5
Emprego en actividades intensivas en coñecemento	80,4	24,2	156	69,3	29,8	178	109,3	9,3
Emprego en empresas innovadoras	48,0	-17,4	188	79,5	-45,1	163	97,0	-3,0
Vendas de innovacións novas no mercado e novas na empresa	100,5	4,1	86	111,2	31,3	59	86,9	-13,1
Emisións ao aire por partículas finas	161,0	-1,2	39	173,6	11,8	27	106,3	6,3
Índice de innovación	90,7	16,0		92,2	11,8		114,8	14,8

Fonte: Comisión Europea. *Índice Rexional de Innovación 2021*

1.1.17.

o diferencial no *ranking* no caso do investimento público e privado e no número de pemes innovadoras de produtos. 

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia


Tras unha contracción sen precedentes do PIB no ano 2020 por mor do impacto da crise orixinada pola expansión da covid, a economía galega, ao igual que a meirande parte das economías do noso entorno, inicia no segundo trimestre de 2021 unha reactivación da súa actividade. No conxunto do ano 2021 a economía galega medra un 5,2% respecto ao ano anterior fronte ao 5,1% estimado para a economía española.

A devandita reactivación ven motivada, tanto en Galicia como en España, por unha achega positiva tanto da demanda interna como da externa. No conxunto do ano 2021 o principal motor de crecemento constitúe a demanda interna, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 3,2 puntos porcentuais fronte aos 2,0 puntos no caso do saldo exterior neto, o que contrasta co acontecido na economía española onde a demanda interna aporta 4,7 puntos e a demanda externa tan só cinco décimas. Con todo, cómpre resaltar que se no momento inicial a reactivación económica (2º trimestre) se explica fundamentalmente pola demanda interna, a consolidación da mesma é resultado dunha maior contribución da demanda externa.

Entre os principais compoñentes da demanda interna salienta o comportamento positivo tanto do investimento (1,1% respecto ao ano anterior) como en maior medida do gasto en consumo final, tanto privado (4,2%) como público (2,7%). Por contra, dende a óptica da oferta a devandita reactivación non se produce en todas as ramas produtivas, rexistrándose tan só taxas de variación positivas no sector servizos (6,6%) e nas ramas industriais (4,1%), o que contrasta cunha nova contracción experimentada polo sector primario (-0,5%) e en maior medida pola construción (-2,4%).

No concernente á distribución das rendas, o incremento do 7,7% do PIB nominal a prezos correntes tradúcese nunha medra do 5,5% na remuneración dos asalariados (RA) e do 8,7% no caso do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia deste peor comportamento da RA, a participación dos asalariados na renda descende no último ano, manténdose, non obstante, por riba do peso relativo do EBE/RMB. En 2021 o peso relativo da RA ascende ata o 45,5% fronte ao 45% do EBE/RMB.

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-21



(1) PIBpm; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.1.

A recuperación da actividade económica tradúcese nun bo comportamento do mercado de traballo en termos agregados, presentando unha mellora da participación das persoas no mercado laboral e na ocupación (tres decimas no caso da taxa de actividade e catro na de ocupación) e unha redución do desemprego (taxa de paro). Con todo, fronte a este comportamento positivo, aa taxa de temporalidade, que mide o peso do emprego asalariado temporal sobre o total, medra medio punto porcentual respecto ao ano anterior.

Ao mesmo tempo cómpre resaltar que o ano 2021 caracterizouse por un forte incremento do índice de prezos ao consumo, que termina o ano cunha medra interanual do 6,7% (6,5% en España), os valores máis elevados dos últimos vinte anos. Os bens que presentaron os maiores incremento de prezos foron os de “Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles”, cunha medra en Galicia do 27,1%, e o transporte, cun 10,8%.

Análise do PIB

Tras unha caída sen precedentes do PIB real no con-

xunto do ano 2020, a economía galega, ao igual que a meirande parte dos países do noso entorno, inicia no segundo trimestre de 2021 unha reactivación da súa actividade económica, que parecía terse consolidado no segundo semestre do ano. Se o impacto da crise orixinada pola pandemia foi menos intensa en Galicia que en España, **cadro 1.1.5. [PIB en Galicia e España 2008-21: evolución]**, as Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten que a reactivación é lixeiramente superior na Comunidade Autónoma, que experimenta unha medra interanual do 5,2% fronte ao 5,1% no caso da economía española.

Tal como se observa no **gráfico 1.2.1.**, e do mesmo xeito que acontece no Estado, a devandita reactivación ven motivada tanto por unha achega positiva da demanda interna como da externa. En Galicia a demanda interna contribúe con 3,2 puntos ao crecemento agregado do PIB fronte aos 2 puntos por parte da demanda externa, en tanto que na economía española esta contribución foi do 4,7 e 0,5 puntos, respectivamente. Non obstante, se no momento inicial da reactivación económica a demanda interna constitúe o principal motor

PIB 2020-21: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2020	2021	2020				2021			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
	(taxas de variación interanual)									
Gasto en consumo final	-7,2	3,7	-4,6	-16,6	-3,7	-3,8	-1,3	14,2	1,4	2,0
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-11,4	4,2	-7,7	-22,7	-6,1	-8,8	-3,1	17,3	0,5	4,1
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,8	2,7	4,6	1,0	3,0	10,5	3,3	7,3	3,7	-3,0
Formación bruta de capital fixo	-11,8	1,1	-7,9	-23,8	-8,5	-6,6	-2,3	16,4	-3,3	-4,1
Demanda interna (2)	-7,9	3,2	-5,1	-17,6	-4,4	-4,2	-1,5	14,3	0,6	1,0
Exportacións de bens e servizos	-5,8	9,9	-0,7	-23,8	2,3	-1,8	4,5	38,2	-0,4	5,0
Importacións de bens e servizos	-4,0	6,5	-2,3	-23,9	6,2	3,6	6,5	35,8	-5,5	-2,2
PIB a prezos de mercado	-8,9	5,2	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	16,0	3,5	5,1
VEB. Ramas agraria e pesqueira	-3,9	-0,5	-3,0	-3,1	-3,6	-5,7	-3,9	-1,0	-0,2	3,4
VEB. Ramas industriais	-9,2	4,1	-6,4	-20,9	-4,5	-4,9	0,4	17,9	0,8	-0,4
VEB. Industria manufactureira	-10,4	6,1	-4,1	-27,8	-5,4	-4,4	-0,5	28,0	0,2	2,1
VEB. Construción	-9,4	-2,4	-3,3	-19,4	-7,2	-7,6	-6,8	8,9	-5,1	-5,0
VEB. Ramas dos servizos	-8,8	6,6	-3,7	-17,8	-6,5	-7,3	-2,3	17,4	5,0	7,7
Impostos netos sobre os produtos	-10,9	6,0	-7,2	-18,4	-8,9	-9,2	-2,1	14,8	4,8	7,8

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-2-2022)

(2) Demanda Interna en termos nacionais

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia*.

1.2.2.

de crecemento, cunha achega de 14,3 puntos (1,7 puntos no caso da demanda externa), no terceiro e cuarto trimestre de 2021 o crecemento explícase fundamentalmente polo comportamento da demanda externa. Así, no cuarto trimestre do ano o sector exterior aporta 4,1 puntos fronte ao punto da demanda interna.

No que respecta á demanda interna, **cadro 1.2.2.**, todos os compoñentes presentan tanto en Galicia como en España taxas de crecemento interanuais positivas, sendo estas máis elevadas na economía española. En primeiro lugar, cómpre resaltar que é o investimento onde se rexistra o maior diferencial ao medrar un 1,1% en Galicia, máis de cinco puntos e medio por baixo do estimado para o conxunto do Estado (6,8%). Doutra banda, a taxa de variación interanual do consumo privado ascende en Galicia ata o 4,2% e a do consumo público ata o 2,7%, en ambos os dous casos catro décimas inferior á medra estimada para a economía española.


Os principais indicadores de consumo recollidos no **cadro 1.2.4.** mostran a devandita recuperación. Así, o

índice de vendas do comercio polo miúdo medra un 1,7% respecto ao ano anterior (prezos constantes); as importacións de bens de consumo duradeiro o fan nun 13,3%; e o índice de produción de bens de consumo presenta unha taxa de variación interanual do 21,5%. Asemade, a ocupación hoteleira no ano 2021 aumenta case un 45% respecto ao ano anterior.

Xunto á recuperación do consumo privado, cómpre mencionar a ralentización do gasto en consumo das Administracións públicas, que en Galicia medra un 2,7%, fronte ao 4,8% do ano anterior, sendo esta taxa de variación lixeiramente inferior á rexistrada no conxunto do Estado.

En relación ao investimento, e en concreto ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha caída do 15,5% no ano 2021, o que contrasta co incremento do 6,4% experimentado no conxunto do Estado. No ano anterior a produción industrial descendera tanto en Galicia

PIB en Galicia 2008-21: distribución segundo as súas compoñentes



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.3.

como en España, sendo menos intensa na Comunidade Autónoma (-9% e -15,5%, respectivamente).

No concernente aos compoñentes da demanda externa, a súa achega positiva ven explicada pola evolución do crecemento das exportacións superior ás compras en terceiros países. Tal e como reflicten as contas económicas de Galicia, as exportacións medraron un 9,9% respecto ao ano anterior, case tres puntos e medio por riba do rexistrado polas importacións (6,5%). No conxunto do Estado rexístrase igualmente

unha medra das exportacións e das importacións, situándose as taxas de variación interanuais (dato da Contabilidade Nacional Trimestral de España) no 14,7% e 13,9%, respectivamente.

En termos monetarios, e segundo os datos a prezos correntes das Contas económicas trimestrais, as vendas fóra de Galicia ascenden a 36.430,9 millóns de euros no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 33.923,7 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega aumenta o seu saldo positivo ata

Consumo e investimento en Galicia e España 2020-21: principais indicadores

	Galicia		España	
	2020	2021	2020	2021
<i>(taxas de variación interanual)</i>				
Consumo				
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos correntes)</i>	-3,7	7,1	-7,9	8,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos constantes)</i>	-2,5	1,7	-6,8	3,2
Producción de bens de consumo	-10,0	21,5	-7,1	7,6
Producción de bens de consumo duradeiro	-17,3	60,9	-13,5	18,0
Producción de bens de consumo non duradeiro	-9,6	19,3	-6,5	6,8
Importación de bens de consumo	-11,6	13,3	-11,0	13,8
Ocupación hoteleira	-41,5	44,8	-37,3	11,1
Gasto de Administracións Públicas	4,8	2,7	3,3	3,0
Investimento				
Producción de bens de equipo <i>(índice de produción industrial)</i>	-9,0	-15,5	-15,5	6,4
Importacións de bens de equipo	2,7	12,5	-8,5	12,9
Licitación pública				
Total	24,8	75,8	-20,5	68,3
Administración Xeral do Estado	-3,5	184,9	-48,5	152,6
Administración autonómica	84,0	28,1	-16,1	41,4
Administracións locais	-3,3	45,4	5,7	46,6

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acercan ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICES e Seopan

1.2.4.

os 2.507,1 millóns de euros, máis do dobre do superávit rexistrado nos dous anos anteriores (1.053,9 millóns no ano 2020).

A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que tanto o valor total das exportacións declaradas como das importacións presentan unha medra lixeiramente superior ao 21% respecto ao ano anterior. Dunha banda, as exportacións ascenden a 25.269,6 millóns de euros (21,1% máis), consecuencia tanto da medra de vendas a terceiros países (25,3%) como das expedicións galegas a países comunitarios (19,4%). O valor total das importacións/introducións acadou os 20.115,6 millóns de euros, un 21,2% máis que no ano anterior, resultado dunha medra das compras a terceiros países (27,9%) e a países da UE (16,6%).

Analizando o comercio internacional en función do tipo de ben, o 58,4% do valor total das vendas galegas ao exterior en 2021 corresponden a bens de consumo fronte ao 33,9% dos bens intermedios e un 7,7% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o


comercio de bens intermedios, que representa o 53,5% do valor das exportacións, seguido do 38,3% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España o destino máis importante é o dos bens intermedios, que representan o 67,1% e 64,5% do valor total das compras exteriores, fronte aos 28,3% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 26,9% en España.

• Agregados da oferta

A reactivación da actividade económica galega ven impulsada polo crecemento interanual rexistrado polo sector servizos e as ramas industriais no seu conxunto. Por contra, mantense a contracción tanto na construción como no sector primario. Comparado co acontecido na economía española cómpre mencionar que tan só a industria presenta un peor comportamento que en España.

No último ano o sector que presenta un maior dinamismo é o sector servizos, impulsado polo comportamento do comercio, transporte e hostalería e as

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2013, 2019, 2020 e 2021



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.5.

actividades artísticas, recreativas e outros servizos. En 2021 o sector terciario presenta unha medra interanual do 6,6%, seis décimas máis que no conxunto do Estado. Xunto a este incremento, o sector industrial medra un 4,1% en Galicia, 1,1 puntos por baixo do estimado na economía española. Por contra, tanto o sector primario como a construción presentan unha contracción na súa actividade, máis intensa na economía española que na galega, sendo esta do -0,5% no caso das ramas agrarias e pesqueira (3,2 puntos inferior á do conxunto do Estado) e do -2,4% no sector da construción (-3,4% en España).

No que á análise das distintas ramas de actividade analizadas polas Contas económicas trimestrais de Galicia se refire, no ámbito do sector servizos salienta o incremento do 15% experimentado polas actividades vinculadas ao comercio, transporte e hostalería tras unha caída sen precedentes experimentada no ano anterior (21,9%, a máis intensa de toda a serie histórica), e do


9,6% no caso actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-20,1% no ano anterior), situándose esta medra no 3,2% no caso dos servizos non de mercado, case tres veces máis que en 2020 (1,1%). Así mesmo, a industria manufacturera presenta unha medra interanual do 6,1% cando no ano anterior sufrira unha contracción do 10,1%.

Tal como se mostra no **gráfico 1.2.5.**, que recolle a estrutura produtiva da economía galega, o 21,5% do valor engadido bruto xerado en Galicia no ano 2021 corresponde ás actividades da comercio, transporte e hostalería; seguidas cun 20,3% do total polo Administración pública, sanidade e educación; e a industria manufacturera, cunha achega do 13%. A construción aporta o 7,1% do VEB galego e as actividades do sector primario, un 4,9% do total.

Se se compara o impacto na estrutura produtiva da

Asignación funcional da renda 2008-21⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
(en millóns de euros)				
2008	27.392,4	26.928,3	4.679,6	59.000,3
2013	24.405,9	23.570,4	5.248,4	53.224,7
2019	28.815,0	28.627,8	6.221,3	63.664,0
2020	27.207,8	26.109,0	5.266,7	58.583,5
2021	28.697,0	28.380,0	6.041,9	63.118,8



(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-05-2021)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.6.

crise orixinada pola pandemia (cambios entre 2021 e 2019) e a crise financeira de 2008 (entre este ano e 2013) cómpre mencionar en primeiro lugar o importante crecemento rexistrado polo subsector da administración pública, sanidade e educación nos períodos de crise, xa que entre os anos 2008 e 2013 esta actividade aumentou o seu peso relativo en 2,6 puntos, acadando o 19% no ano 2013, e dende o ano 2019 ata o ano 2021 o incremento foi de 1,6 puntos (concentra o 20,3% no último ano). En segundo lugar, as restricións de mobilidade nas actividades de comercio, transporte e hostalería provocaron un descenso do seu peso no VEB na última crise económica (1,2 puntos menos) ao contrario do que aconteceu entre 2008 e 2013 (aumenta dúas décimas). Por último, mentres que a crise económica e financeira de 2008 tivo un impacto moi


acusado no sector da construción e da industria manufacturera (4,8 e 1,7 puntos menos respectivamente), entre os anos 2019 e 2021 o peso relativo da industria manufacturera mantense estable no 13%, reducíndose seis décimas o peso do VEB da construción (7,1% en 2021).

• Distribución da renda

A mencionada reactivación da economía galega a partir do segundo trimestre tradúcese tamén nunha mellora da remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). As Contas Trimestrais de Galicia amosan que o incremento do 7,7% do PIB nominal a prezos correntes reflíctese nunha medra do 5,5% na remuneración dos asalariados

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España 2009-21

(2008 = 100)



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.7.

e do 8,7% EBE/RMB. Como consecuencia desta evolución, a participación da RA na renda redúcese no último ano ata o 45,5%, nove décimas máis que no ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB aumenta ata o 45%, catro décimas máis que no ano anterior. Se a comparación se realiza cos datos do ano 2019, o devandito **cadro 1.2.6.** amosa que a participación dos asalariados na renda é dúas décimas superior, manténdose constante no caso dos EBE/RMB.

Tendo en conta o devandito incremento da masa salarial en Galicia e que o emprego asalariado reflectido nas contas medra un 7% (960.436 postos de traballo no ano 2021), a remuneración por posto de traballo asa-

lariado redúcese un 0,9%, sendo esta caída do 0,5% no caso dos postos de traballo asalariado equivalente a tempo completo (medra un 4,3% e 3,3% no ano anterior, respectivamente). No concernente ás horas traballadas, tras unha medra do 5,1% no ano 2021, a remuneración por hora traballada aumenta un 6,1%, o que contrasta co descenso do 4,3% experimentado no ano anterior..

Finalmente, a análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario (CLU), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado).

Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLU multiplicado pola taxa de asalarización.

Os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten que no ano 2021 o CLU por posto de traballo medra un 1,5%, cando no ano anterior presentaba unha caída do 3,9%. Do mesmo xeito, o CLU por hora traballada aumenta no último ano un 1,2% fronte á redución dun 2,2% no ano precedente.

Mercado de traballo

O devandito crecemento do PIB trasládase ao mercado de traballo, quen presenta unha medra da ocupación e unha redución do desemprego. En termos agregados, no último ano mellora a participación das persoas no mercado laboral e na ocupación (taxas de actividade e ocupación), reducíndose ademais a taxa de desemprego. Con todo, fronte a este comportamento positivo cómpre mencionar o lixeiro incremento da taxa de temporalidade, do que se podería desprender unha certa perda de calidade no emprego.

Dunha banda, a taxa de actividade en Galicia aumenta no último ano ata o 52,5%, tres décimas máis que no ano anterior, o que a mantén como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tras Asturias. Asemade, a taxa de ocupación aumenta medio punto porcentual para situarse no 46,4%, manténdose novamente como a quinta CA cos índices máis reducidos. Por contra, a taxa de desemprego descende ata o 11,7%, situándose por tanto nunha posición intermedia respecto das outras CC.AA. Doutra banda, a taxa de temporalidade ascende ata o 24,5% cinco décimas máis que no ano anterior.

Centrándonos nos datos da ocupación reflectidos nas contas económicas de Galicia, o número total de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra no último ano un 7,2% respecto ao ano anterior, seis décimas por riba do que acontece no conxunto do Estado, cando no ano anterior este indicador rexistraba un descenso do 7,6% en ambos os dous casos. Do mesmo xeito o emprego asalariado medra en maior medida en

Galicia, presentando un incremento interanual do 6,7% fronte ao 6% en España.

Fronte ao devandito mellor comportamento da ocupación en Galicia en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, o emprego medido en termos de horas traballadas mellora máis intensamente no Estado ao presentar taxas de variación interanuais superiores ás galegas tanto para o conxunto de persoas ocupadas (7% en España fronte a 5,8% en Galicia) como asalariadas (5,6% e 5,1%, respectivamente). Do mesmo xeito, os datos de afiliacións en alta laboral á Seguridade Social e o da poboación ocupada indican unha maior capacidade do mercado laboral español para crear emprego, medrando a poboación estimada pola EPA un 1% en Galicia (2,6% en España) e as afiliacións un 1,8% (3% no conxunto do Estado).

Finalmente, faremos referencia á produtividade aparente do traballo, medida ben como o cociente entre o PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, ou ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Segundo os datos recollidos nas contas trimestrais, e tendo en conta que o PIB nominal medra un 7,7%, a produtividade aparente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo medra un 0,5% respecto ao ano anterior (0,7% no conxunto do Estado), porcentaxe moi inferior ao incremento experimentado no caso de medirse en termos de PIB por hora traballada, que se sitúa no 1,8% (0,4% de media en España). A pesar desta evolución, ambos indicadores seguen a estar por baixo da media española, de tal forma que a produtividade galega en termos de postos de traballo equivalente supón o 92,9% da produtividade en España, sendo esta relación do 94,7% no caso de medirse en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución sectorial, tan só o sector da construción rexistra produtividades aparentes superiores á media española tanto en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo como de horas traballadas. En concreto, a produtividade é un 7,9% se se mide en postos de traballo e un 20,8% no caso das horas traballadas. No extremo oposto cómpre mencio-

nar que a produtividade aparente da industria manufactureira, medida en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, é lixeiramente inferior ao 74% da media española, e lixeiramente por baixo do 80% en termos de horas traballadas. Finalmente, e ao igual que sucede co conxunto das ramas manufacturais, a produtividade relativa do sector primario é significativamente inferior á media estatal tanto en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo (85,5% da media) como de horas traballadas (77,6%). No concernente ao sector terciario, a produtividade relativa sitúase próxima á media estatal e equivale ao 98,5% da mesma en termos de horas traballadas e ao 96,7% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo.

Inflación e prezos

O ano 2021 caracterizouse por un forte incremento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) tanto en Galicia como en España ao presentar unha medra interanual do 6,7% e 6,5%, respectivamente, o que constitúen as taxas máis elevadas dos últimos 20 anos. O devandito incremento contrasta coa caída do nivel de prezos rexistrada no ano anterior, cunha redución do 0,5% no conxunto do Estado e do 0,4% na Comunidade Autónoma. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os prezos en España aumentaron de media un 3% en 2021 fronte á caída do 0,3% no ano precedente. Segundo os datos publicados por Eurostat, no conxunto dos países da UE-27 o incremento do IPCH foi do 2,9%, cando no ano anterior o fixera un 0,7%.

No concernente á súa distribución provincial, no conxunto do ano 2021 as taxas de variación máis elevadas rexístranse en Ourense e Pontevedra, cunha medra do 7,1% respecto ao ano anterior, en tanto que os prezos na Coruña e Lugo incrementáronse un 6,5% e 6,4%, respectivamente. Por contra, no ano 2020 as catro provincias galegas rexistraran taxas de variación negativas do IPC, presentando a redución máis acusada Pontevedra, con 0,5%, en tanto que na Coruña a caída situouse no 0,3%.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o IPC

presenta unha forte tendencia alcista a partir do mes de febreiro, rexistrando cada mes taxas de variación interanuais superiores ás do mes anterior. Asemade, o **gráfico 1.2.8.** amosa como a inflación é lixeiramente superior en Galicia desde ese mesmo mes de febreiro. O ano remata, como se menciona anteriormente, cunha medra interanual do 6,7% en decembro, dúas décimas por riba do rexistrado en España.


Tal como se observa no **cadro 1.2.9.**, o forte incremento de prezos experimentado no ano 2021 ven motivado fundamentalmente polo comportamento dos bens incluídos no grupo “Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles”, cunha medra interanual do 27,1% en Galicia, case catro puntos máis que no conxunto do Estado (23,3%), e o “Transporte”, con subas do 10,8% e 10,9%, respectivamente. A continuación situábase o aumento experimentado polos prezos dos “Alimentos e bebidas non alcohólicas”, cunha medra do 4,8% en Galicia e 5% en España. Por contra, o grupo de “Comunicacións” presenta unha redución de prezos do 0,3% tanto en Galicia como en España.

Atendendo á súa distribución segundo rúbricas, o maior incremento interanual corresponde á “calefacción, iluminación e distribución de auga”, cun 51,5%; por diante de “aceites e graxas” (25,8%); “carnes de ovino” (24,2%); e transporte persoal” (11%). No extremo oposto, os descenso máis acusados rexístranse no caso da carne de porcino e preparados de legumes e hortalizas, cunha redución do 0,7% e 0,5%, respectivamente, situándose no 0,3% no caso das comunicacións e do calzado de homes, e do 0,2% no de bebidas alcohólicas.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presenta no ano 2021 un incremento do 2,1% tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o que supón o incremento máis elevado dende o ano 2012 (2,2% na C.A e 2,1% en España). Cómpre mencionar que no ano anterior a inflación subxacente situábase no 0,4% en Galicia, tres décimas máis que no conxunto do Estado. Ao longo do ano, o ritmo de crecemento interanual da inflación subxacente en Galicia acelérase paulatinamente dende o

IPC en Galicia e España 2020-21

(taxas de variación interanual)



Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.8.

mes de abril, pasando do 0,2% ata o devandito 2,1% no mes de decembro.

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, medrou en 2021 un

2,4% respecto ao ano anterior (1% no ano 2020), sendo este incremento o máis acusado dende o inicio da recuperación económica a partir do ano 2013. A medida que avanza o ano aumenta o deflactor do PIB, que no primeiro trimestre de 2021 presenta unha medra interanual do 0,7% e no cuarto trimestre ascende ata o 4%.

IPC en Galicia e España 2020-21: distribución segundo grupos

	2020		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxa de variación interanual mes de decembro)			
Xeral	-0,4	-0,5	6,7	6,5
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,8	1,1	4,8	5,0
Bebidas alcohólicas e tabaco	-0,3	0,3	1,2	1,6
Vestido e calzado	0,7	0,9	0,9	1,0
Vivenda	-0,7	-0,1	27,1	23,3
Enxoval	0,6	0,4	2,6	2,1
Medicina	0,5	0,5	2,2	0,9
Transporte	-4,5	-4,4	10,8	10,9
Comunicacións	-4,1	-4,1	-0,3	-0,3
Ocio e cultura	-1,4	-1,6	1,5	1,7
Ensino	1,3	-0,2	1,5	1,2
Hoteis, cafés e restaurantes	1,4	0,3	2,7	3,1
Outros bens e servizos	1,2	1,2	1,3	1,5

Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.9.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2021 ⁽¹⁾: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
	(taxas de variación interanual)						
Andalucía	50,1	14,5	5,5	14,9	2,8	27,7	93,3
Aragón	33,0	4,1	5,9	3,4	6,4	26,4	107,5
Asturias	102,5	3,2	3,2	3,2	10,2	39,3	217,9
Baleares	91,5	3,9	1,7	4,3	0,9	7,5	143,6
Canarias	95,5	1,4	4,0	1,4	2,7	9,4	183,1
Cantabria	31,1	5,9	0,0	6,9	-0,7	40,3	65,2
Castela e León	32,0	3,1	7,6	3,1	-1,9	21,5	130,1
Castela-A Mancha	32,4	5,0	6,7	5,0	15,8	20,7	85,9
Cataluña	20,7	4,2	4,1	4,2	2,4	21,6	65,6
C. Valenciana	20,0	3,7	3,6	3,7	2,3	16,7	54,6
Extremadura	24,5	7,0	0,4	7,3	18,5	18,4	62,8
Galicia	40,4	3,8	3,1	3,8	2,3	16,4	122,9
Madrid	50,6	1,5	2,1	1,5	2,1	8,8	106,5
Murcia	51,0	8,3	7,5	8,3	10,1	12,8	103,0
Navarra	21,2	2,7	0,7	2,9	2,9	11,9	120,8
País Vasco	31,2	5,8	4,6	6,0	4,6	17,9	66,0
A Ríoxa	15,1	1,6	0,7	1,7	0,9	9,7	83,8
Total	35,9	5,2	4,2	5,3	3,1	20,6	95,9

(1) datos no mes de decembro. Base 2015.

Fonte: INE, Índice de precios industriales

1.2.10.

En relación á evolución dos prezos industriais, **cadro 1.2.10.**, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha medra do 40,4%, o valor máis elevado dos últimos vinte anos, sendo esta porcentaxe 4,5 puntos superior á do conxunto do Estado. Atendendo á súa desagregación segundo destino económico dos bens, todos os bens presentan incrementos de prezos, sobre saíndo a enerxía quen presenta unha medra interanual do 122,9% (95,9% en España). Ao contrario do que acontece con estes bens enerxéticos, o resto dos destinos económicos presentan incrementos inferiores aos do conxunto do Estado, presentando os bens de equipamento as taxas de variación máis reducidas, co 2,3%, oito décimas menos que en España.

Por último, é importante facer referencia á variación do IPC nos últimos doce meses anteriores a novembro, xa que é o indicador que se toma para a revalorización das pensións, tal e como recolle a Lei 21/2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo de sostenibilidade financeira e social do sistema público de pensións, e que recupera o IPC anual como índice de revalorización. En novembro de 2021 a inflación promedio dos últimos doce meses en España ascendeu a 2,5%, o que significa que as pensións en 2022 aumentarán nesa porcentaxe.

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos determinan o peso do sector público na economía e un dos indicadores para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). Nos datos dos orzamentos de 2020 e o avance do PIB proporcionados pola Contabilidade Rexional de España para 2020 (último ano dispoñible), observamos que dita rateo presenta un valor agregado do 15,2% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa por riba do promedio sinalado cun 17,2%.

Os orzamentos de 2022 veñen condicionados novamente pola situación de crise socioeconómica orixinada pola pandeminia. En termos estritamente

orzamentarios esta crise ten consecuencias directas na elaboración dos mesmos. Por unha banda, e ao igual que nos anos 2020 e 2021, a Comisión Europea mantivo a activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento, o que permite unha desviación temporal respecto á traxectoria de axuste cara un obxectivo orzamentario a medio prazo. En aplicación desta cláusula, e co obxecto de paliar o deterioro que produce a crise sanitaria, o Consello de Ministros aprobou a suspensión das regras fiscais para o ano 2022 que se substitúen por una taxas de referencia de déficit e débeda pública.

Asemade, ao igual que en 2021, as CC.AA. xestionarán unha parte importante do apoio financeiro aprobado pola Comisión Europea para as reformas e modernización dos servizos públicos e do tecido empresarial. En concreto, 508 millóns de euros vinculados ao mecanismo de recuperación e resiliencia, e 249 millóns de euros procedentes da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

Superada a peor etapa da pandemia, a Lei 17/2021, do 27 de decembro, aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, considerando que este será o ano da recuperación económica e da actividade sanitaria ordinaria. Previamente, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022, que ascende a 11.571 millóns de euros. Non obstante, o límite de gasto consignado nos orzamentos ascende a 11.627 millóns de euros tendo en conta a inclusión de 73,1 millóns adicionais correspondentes a novos fondos do MRR reducíndose á baixa en 16,7 millóns os ingresos pola tributación no ITP-AXD e no xogo.

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio; os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto me-

Orzamentos da C.A. 2021-22: conta financeira homoxeneizada ⁽¹⁾

	2021		2022		22/21	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Operacións correntes						
Ingresos	9.281.522	73,0	9.872.431	75,3	590.909	6,4
Impostos directos	2.747.988	21,6	2.843.932	21,7	95.944	3,5
Impostos indirectos	3.337.412	26,3	3.094.325	23,6	-243.087	-7,3
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	171.582	1,3	173.358	1,3	1.776	1,0
Transferencias correntes	3.017.544	23,7	3.737.917	28,5	720.373	23,9
Ingresos patrimoniais	6.996	0,1	22.899	0,2	15.903	227,3
Gastos	8.602.536	67,7	9.027.485	68,8	424.949	4,9
Gastos de persoal	4.123.572	32,4	4.327.397	33,0	203.825	4,9
Gastos correntes de bens e servizos	1.854.132	14,6	1.983.876	15,1	129.744	7,0
Gastos financeiros	99.905	0,8	74.469	0,6	-25.436	-25,5
Transferencias correntes	2.524.927	19,9	2.641.743	20,1	116.816	4,6
Aforro bruto	678.986		844.946		165.960	24,4
Operacións da capital						
Ingresos	1.044.257	8,2	1.387.993	10,6	343.736	32,9
Alleamento de investimentos reais	4.961	0,0	8.451	0,1	3.490	70,3
Transferencias de capital	1.039.296	8,2	1.379.542	10,5	340.246	32,7
Gastos	2.229.906	17,5	2.554.462	19,5	324.556	14,6
Investimentos reais	1.307.339	10,3	1.441.946	11,0	134.607	10,3
Transferencias de capital	922.567	7,3	1.112.516	8,5	189.949	20,6
Formación de capital	1.185.648	9,3	1.166.468	8,9	-19.180	-1,6
Fondo de continxencia	45.417	0,4	45.417	0,3	-	0,0
Necesidade de Financiamento	-552.080		-366.939		185.141	-33,5
Operacións financeiras						
Atencións	1.833.552	14,4	1.490.585	11,4	160.920	-18,7
Activos financeiros	243.624	1,9	220.367	1,7	-23.257	-9,5
Pasivos financeiros	1.589.928	12,5	1.270.218	9,7	71.216	-20,1
Recursos	2.385.631	18,8	1.857.524	14,2	664.731	-22,1
Activos financeiros	25.110	0,2	94.684	0,7	69.574	277,1
Endebedamento bruto	2.360.521	18,6	1.762.840	13,4	-597.681	-25,3
Necesidade de Financiamento	-552.080		-366.939		185.141	-33,5
Orzamento consolidado	12.711.411		13.117.948			

(1) Orzamentos 2022

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.11.

diante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información precisa sobre o alcance e composición dos orzamentos. No exercicio 2022 o orzamento total consolidado da Comunidade Autónoma ascende a 13.117,9 millóns de euros, o que supón unha medra do 3,2% respecto ao exercicio precedente.

A conta financeira dos orzamentos 2022, **cadro 1.2.11.**, reflicte que o aforro por operacións correntes alcanza os 845 millóns de euros, motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes nun 6,4%. Do mesmo xeito, os ingresos por operacións de capital, 1.388 millóns de euros, tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado pola dotación dos fondos comunitarios, onde se incorporan os recursos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e FEADER EURI, así como das transferencias de capital procedentes do Estado. O

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia 2008-2022

	2008	2013	2019	2021	2022
	(% sobre gastos)				
Gastos de persoal	17,7	19,9	18,2	17,1	17,7
Gastos en bens correntes e servizos	4,2	5,3	4,8	4,7	4,7
Gastos financeiros	1,3	3,3	1,5	0,8	0,6
Transferencias correntes	49,2	47,0	46,2	44,6	46,1
Operacións correntes	72,5	75,6	70,6	67,1	69,1
Investimentos reais	9,8	2,8	3,1	5,1	4,3
Transferencias de capital	12,5	11,7	12,0	14,8	15,7
Operacións de capital	22,3	14,4	15,1	19,9	20,0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.12.

gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.554 millóns de euros, incrementándose nun 14,6% respecto aos orzamentos do exercicio precedente. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.166,4 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 366,9 millóns de euros (33,5% menos respecto ao ano anterior.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 492,6 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, 125,7 millóns, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os devanditos 366,9 millóns de euros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia para o ano 2022 destínanse o 69,1% dos recursos a gasto de operacións correntes fronte ao 70,6% do ano 2019 (75,2% de media anual no período 2008-2013), dos que as transferencias correntes supoñen o 46,1%, unha décima menos que en 2019 (49,1% de media no devandito período de crise), e os gastos de persoal o 17,7%, medio punto menos que 2019 (19,3% de media entre os anos 2008 e 2013). Neste senso, o gasto de persoal por em-

pregado público ascende a 22.601,1 euros no ano 2021, un 0,2% máis que no ano anterior, mentres que o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma aumenta un 5,3%.

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.13.**) mostra como máis do 58% dos recursos orzamentarios destínanse á produción de bens públicos de carácter social, que incrementan a súa dotación en relación ao orzamento do ano anterior nun 1,4%. Aínda que en termos absolutos son os citados bens de carácter social os que rexistran un maior incremento (108,8 millóns de euros máis), en termos relativos salienta o incremento do 4,9% rexistrado no caso da protección e promoción social (64,5 millóns máis) e as transferencias a entidades locais, cun 6,7% (8,7 millóns). Os recursos destinados á produción de bens públicos de carácter económico increméntanse un 4,2% (47,1 millóns de euros), e os dedicados á regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial aumenta a súa dotación nun 0,9% (8,8 millóns). Asemade, cómpre salientar o forte descenso experimentado na partida dedicada á débeda pública, que tras unha caída do 20,6% acada os 1.326,6 millóns de euros, o que representa o 10,1% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Facenda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos or-

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2021-22: Distribución Funcional ⁽¹⁾

Funcións	2021		2022		22/21
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
1 Actuacións de carácter xeral	312.405	2,3	306.480	2,3	-1,9
11 Alta dirección da Com. Autónoma	39.948	0,3	40.299	0,3	0,9
12 Administración Xeral	77.471	0,6	74.234	0,6	-4,2
13 Xustiza	161.278	1,2	162.519	1,2	0,8
14 Administración local	17.259	0,1	17.323	0,1	0,4
15 Normalización lingüística	13.062	0,1	10.105	0,1	-22,6
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	3.387	0,0	2.000	0,0	-41,0
2 Protección civil e seguraza cidadá	30.344	0,2	29.405	0,2	-3,1
21 Protección civil e seguridade	30.344	0,2	29.405	0,2	-3,1
3 Protección e promoción social	1.325.667	9,9	1.390.159	10,6	4,9
31 Acción social el promoción social	946.877	7,1	987.150	7,5	4,3
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	371.342	2,8	395.174	3,0	6,4
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.448	0,1	7.835	0,1	5,2
4 Produción de bens públicos de carácter social	7.536.393	56,3	7.645.228	58,3	1,4
41 Sanidade	4.582.607	34,2	4.584.079	34,9	0,0
42 Educación	2.632.504	19,7	2.696.306	20,6	2,4
43 Cultura	91.165	0,7	96.414	0,7	5,8
44 Deportes	32.474	0,2	32.489	0,2	0,0
45 Vivenda	85.001	0,6	112.760	0,9	32,7
46 Outros servizos comunit. e sociais	112.642	0,8	123.180	0,9	9,4
5 Produción de bens públ. de carácter económico	1.121.274	8,4	1.168.387	8,9	4,2
51 Infraestruturas	335.266	2,5	336.791	2,6	0,5
52 Ordenación do territorio	16.649	0,1	16.475	0,1	-1,0
53 Promoción do solo para actividades económicas	11.054	0,1	10.821	0,1	-2,1
54 Actuacións ambientais	199.108	1,5	219.729	1,7	10,4
55 Actuacións e valorización do medio rural	171.718	1,3	169.799	1,3	-1,1
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	227.512	1,7	266.529	2,0	17,1
57 Sociedade da información e do coñecemento	155.122	1,2	143.302	1,1	-7,6
58 Información estatística básica	4.845	0,0	4.941	0,0	2,0
6 Regulación económica de carácter xeral	272.379	2,0	108.056	0,8	-60,3
61 Actuacións económicas xerais	28.716	0,2	30.394	0,2	5,8
62 Actividades financeiras	243.663	1,8	77.662	0,6	-68,1
7 Regulación económica de sectores produtivos e dto. empresarial	996.805	7,4	1.005.562	7,7	0,9
71 Dinamización económica do medio rural	356.792	2,7	402.459	3,1	12,8
72 Pesca	126.180	0,9	128.248	1,0	1,6
73 Industria, enerxía e minaría	69.193	0,5	89.093	0,7	28,8
74 Desenvolvemento empresarial	308.418	2,3	241.359	1,8	-21,7
75 Comercio	23.745	0,2	18.376	0,1	-22,6
76 Turismo	112.477	0,8	126.027	1,0	12,0
8 Transferencias a entidades locais	129.450	1,0	138.106	1,1	6,7
81 Transferencias a entidades locais	129.450	1,0	138.106	1,1	6,7
9 Débeda pública	1.671.784	12,5	1.326.565	10,1	-20,6
91 Débeda pública	1.671.784	12,5	1.326.565	10,1	-20,6
Total	13.396.501	100	13.117.948	100	-2,1

(1) Orzamentos 2022

Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos

1.2.13.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2022: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade e protección social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	22/21			22/21			22/21			22/21			22/21		
	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)
Andalucía	12.350.248,3	6,2	34,2	8.681.843,1	2,8	24,1	2.705.904,2	3,5	7,5	5.063.223,6	5,8	14,0	7.273.705,8	-12,9	20,2
Aragón	2.230.639,2	-4,9	31,9	1.312.942,4	1,3	18,8	445.868,0	-4,9	6,4	1.507.582,8	5,0	21,6	1.494.633,3	2,7	21,4
Asturias	2.010.098,1	2,7	38,0	942.696,6	5,4	17,8	501.794,3	3,6	9,5	602.791,5	-3,6	11,4	1.232.253,6	1,7	23,3
Baleares	2.008.296,3	4,1	31,4	1.155.066,1	9,7	18,1	279.594,7	31,3	4,4	1.249.646,4	2,7	19,5	1.705.218,3	16,0	26,7
Canarias	3.451.474,7	4,9	34,6	2.100.357,1	7,8	21,1	606.767,6	13,2	6,1	865.051,9	-17,6	8,7	2.949.946,1	9,0	29,6
Cantabria	1.028.103,5	3,2	30,8	682.704,0	10,5	20,4	279.778,6	10,6	8,4	517.500,0	9,0	15,5	834.550,9	13,4	25,0
Castela e León	4.316.967,6	0,0	38,4	2.299.954,0	0,0	20,5	941.263,0	0,0	8,4	1.423.341,6	0,0	12,7	2.253.935,1	0,0	20,1
Castela-A Mancha	3.620.167,6	-1,2	31,7	2.117.649,7	5,7	18,5	940.867,3	7,6	8,2	2.478.767,0	-3,9	21,7	2.278.866,3	8,1	19,9
Cataluña	10.676.303,1	9,7	24,0	7.837.999,0	16,3	17,6	3.222.463,1	34,2	7,2	11.361.173,5	7,8	25,5	11.475.794,7	26,6	25,7
Estremadura	2.008.513,4	7,0	31,5	1.233.864,4	3,9	19,3	585.530,6	15,3	9,2	767.296,4	18,5	12,0	1.786.864,2	12,6	28,0
Galicia	4.584.078,7	0,0	35,0	2.687.558,7	2,5	20,5	979.463,5	4,3	7,5	1.326.565,4	-20,6	10,1	3.529.914,4	-1,1	26,9
Madrid	8.764.633,0	7,3	33,7	5.588.014,8	9,3	21,5	2.192.446,7	17,4	8,4	3.614.057,9	11,9	13,9	5.840.020,0	-22,1	22,5
Murcia	2.205.705,3	0,9	31,7	1.653.778,5	4,1	23,8	569.885,1	10,0	8,2	1.580.049,2	8,9	22,7	953.383,9	-5,7	13,7
Navarra	1.256.540,9	0,6	23,8	892.991,4	8,5	16,9	442.924,7	8,4	8,4	520.703,5	24,0	9,9	2.159.966,1	24,0	41,0
País Vasco	4.395.798,7	4,6	33,5	3.150.910,4	4,1	24,0	641.397,1	-5,5	4,9	929.371,6	-5,5	7,1	4.023.099,5	12,2	30,6
A Ríoxa	534.554,4	0,0	27,6	347.811,4	0,8	17,9	159.547,9	1,0	8,2	353.391,2	25,2	18,2	543.929,9	-2,5	28,0
C. Valenciana	7.795.822,6	4,0	27,4	6.089.017,4	10,5	21,4	2.213.883,4	14,3	7,8	7.372.033,5	7,8	25,9	4.997.258,0	19,3	17,6
Total (1)	73.237.945,5	4,4	31,0	48.775.158,8	7,2	20,6	17.709.379,6	12,1	7,5	41.532.547,0	4,7	17,6	55.333.340,2	3,8	23,4

Consulta: 31-3-2022

Fonte: Ministerio de Hacienda, Presupuestos de las Comunidades Autónomas

1.2.14.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2022

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto. Ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto. ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
	(en miles de €)				(en miles de €)
Andalucía	-241.795,8	-1.119.334,8	-1.361.130,6	-0,8	-1.237.926,8
Aragón	-83.828,0	-372.257,4	-456.085,4	-1,1	-444.496,8
Asturias	-54.861,9	-273.979,4	-328.841,3	-1,3	-235.866,8
Baleares	-182.050,2	-321.746,9	-503.797,1	-1,6	-401.937,4
Canarias	256.401,8	-394.608,6	-138.206,8	-0,3	-39.723,3
Cantabria	158.716,1	-229.689,3	-70.973,2	-0,5	-88.154,4
Castela e León	688.442,4	-1.035.144,6	-346.702,3	-0,5	-397.397,8
Castela-A Mancha	-621.561,8	-397.030,5	-1.018.592,3	-2,2	-1.018.692,3
Cataluña	-1.478.906,7	-1.674.144,2	-3.153.050,9	-1,3	-2.945.009,5
Estremadura	-518.215,3	-61.687,5	-579.902,8	-2,6	-580.120,3
Galicia	798.879,3	-1.165.818,2	-366.938,9	-0,5	-492.621,6
Madrid	-176.779,9	-1.034.283,1	-1.211.063,0	-0,5	-1.459.114,5
Murcia	-380.298,5	-122.353,4	-502.651,9	-1,4	-297.296,0
Navarra	116.033,2	-359.899,0	-243.865,7	-1,1	-241.534,4
País Vasco	394.086,1	-1.213.763,6	-819.677,5	-1,1	-683.222,0
A Ríoxa	-17.339,0	-196.661,2	-214.000,2	-2,3	-167.804,5
C. Valenciana	706.559,5	-1.481.479,8	-774.920,3	-0,6	-958.604,2
Total (1)	-636.518,7	-11.453.881,5	-12.090.400,2	-0,9	-11.689.522,4

Consulta: 31-3-2022

Fonte: Ministerio de Hacienda, Presupuestos de las Comunidades Autónomas

1.2.15.

zamentarios consignados nas funcións de Sanidade, Educación, Seguridade e protección social inferiores á do conxunto das Comunidades Autónomas (**cadro 1.2.14.**). Por contra, fronte ao incremento do 4,7% da débeda pública no conxunto das CC.AA., o proxecto de orzamentos de Galicia reflicte unha redución do 20,6%.

Os principais indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.15.**) rexistran que o aforo bruto previsto nos orzamentos de 2022 é de 798,9 millóns de euros, fronte aos 906,6 millóns do exercicio precedente. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 1.165,8 millóns de euros. A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2022 é de 492,6 millóns de euros, fronte aos 552 millóns do ano anterior. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón 408 millóns de euros (**cadro 1.2.16.**).

A débeda acumulada en Galicia no ano 2021 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) aumenta un 1,5%, case a metade do rexistrado de media no conxunto das CC.AA. (2,8%), acadando os 11.715 millóns de euros segundo o avance do Banco de España (**cadro 1.2.17.**). En termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB redúcese ata o 18,5%, fronte ao 19,5% do PIB en 2020, o que supón o quinto nivel de endebedamento máis reducido do Estado, superado novamente por Canarias (15,3%), Madrid (14,8%), o País Vasco (15,6%) e Navarra (15,2%). O endebedamento por habitante aumenta tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.345,90 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.620,41 euros por persoa.

Os indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia mostran o incremento dos ingresos tributarios. Tras unha caída do 8,6% experimentada no primeiro ano da crise (-8,8% en España), a recadación presenta en Galicia unha medra do 16,7% respecto ao ano anterior impulsada tanto polo comportamento da imposición directa (20,9%) como, en menor medida, polos impostos indirectos (10,4%). En termos absolu-

tos, a recadación tributaria do Estado en Galicia ascende a 8.151,1 millóns de euros (1.165,9 millóns máis que no ano anterior) o que representa o 3,7% do total estatal.

No que respecta aos impostos directos, o devandito incremento experimentado en 2021 explícase en maior medida pola medra da recadación do imposto de sociedades nun 67,8% (554,8 millóns de euros máis), sendo esta medra do 7,9% (248,3 millóns) no caso do IRPF. A recadación pola imposición directa ascende a 4.929,8 millóns de euros, 853,9 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 60,5% da recadación total (**cadro 1.2.18.**), dous puntos máis que no ano anterior (58,4%). No último ano o IRPF ascende a 3.401,7 millóns de euros, o que representa o 41,7% da recadación total, e ata os 1.373,4 millóns no caso do imposto de sociedades, cifra aínda inferior ao de 2019, o que representa o 16,8% da recadación (11,7% no ano anterior).

No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación ascende ata os 3.160,1 millóns de euros, 296,6 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 38,8% da recadación total. Entre estes, o IVE recadou un total de 2.904,2 millóns de euros, un 9,1% máis que no exercicio precedente (241 millóns máis), e os impostos especiais incrementáronse nun 15,9%, 13,4 millóns de euros máis, ascendendo a súa recadación ata os 97,7 millóns de euros.

Atendendo á evolución da estrutura da recadación do Estado en Galicia, cómpre indicar en primeiro lugar a caída do peso relativo da imposición directa, que en 2008 representaba o 69,5% do total e en 2013 o 64% (supera o 72% o ano 2009). Este descenso prodúcese tanto no IRPF como no imposto de sociedades, sendo máis intenso no segundo caso (3,6 e 6,3 puntos menos respecto ao ano 2008). Por contra, o incremento de 9,1 puntos na imposición indirecta ven explicado fundamentalmente polo IVE, que en 2008 representa o 27,3% da recadación fronte ao 35,6% de 2021 (19,2% en 2013).

No que atinxe aos tributos propios da Comunidade Autónoma, **cadro 1.2.19.**, o importe total destes tributos

Necesidade de financiamento da C.A. 2022

(en miles de €)

Saldo orzamentario	-366.938,9
Axustes conforme as normas SEC	-41.061,1
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807,0
Intereses	
Inexecución	
Recadación incerta	-31.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-103.000,0
Aportacións de capital a empresas públicas	
Transferencias do Estado	
Transferencias da UE	
Reasignación de operacións	
Investimentos de APP's	
Resto de axuste	8.131,9
Capacidade / Necesidade de financiación	-408.000,0
% PIB	-0,6

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2020-21⁽¹⁾

	2008			2020			2021		
	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)
Andalucía	8.143	992,78	5,4	36.096	4.264,44	24,0	37.291	4.401,46	23,1
Aragón	1.517	1.143,25	4,3	8.742	6.575,94	24,8	9.060	6.831,23	23,9
Asturias	770	712,87	3,2	4.447	4.365,01	20,7	4.368	4.317,09	18,9
Baleares	2.696	2.512,95	9,8	9.120	7.784,61	34,0	9.005	7.676,84	31,3
Canarias	1.885	908,01	4,5	6.412	2.946,76	16,4	6.434	2.960,96	15,3
Cantabria	511	877,80	3,9	3.344	5.736,78	26,0	3.426	5.861,35	24,8
Castela e León	2.608	1.019,81	4,6	12.932	5.399,77	23,3	13.215	5.545,21	22,2
Castela - A Mancha	2.584	1.264,74	6,5	15.328	7.494,54	38,7	15.498	7.561,62	36,5
Cataluña	20.825	2.827,92	10,0	79.486	10.216,08	37,3	82.369	10.609,97	36,0
C. Valenciana	13.696	2.723,08	12,7	50.807	10.046,16	48,5	53.820	10.640,28	47,8
Extremadura	904	823,51	5,0	4.896	4.601,56	25,3	5.046	4.762,62	24,2
Galicia	3.954	1.420,17	6,8	11.538	4.270,46	19,5	11.715	4.345,90	18,5
Madrid	11.380	1.814,52	5,7	34.601	5.103,48	16,0	34.409	5.096,69	14,8
Murcia	755	529,41	2,6	10.187	6.740,77	34,0	10.959	7.217,06	34,1
Navarra	868	1.399,15	4,7	3.617	5.470,38	18,8	3.146	4.755,59	15,2
País Vasco	1.007	466,83	1,5	10.785	4.857,01	16,2	11.172	5.046,09	15,6
A Ríoxa	393	1.237,79	4,8	1.653	5.167,01	20,3	1.652	5.165,79	18,9

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.


(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.17.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008 e 2020-21. Criterio de caixa

	2008		2020		2021	
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)
Total	5.721.873	100	6.985.225	100	8.151.077	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	4.075.935	58,4	4.929.788	60,5
IRPF	2.593.708	45,3	3.153.314	45,1	3.401.657	41,7
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	818.656	11,7	1.373.439	16,8
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	65.654	0,9	111.555	1,4
Resto capítulo I	1.846	0,0	38.311	0,5	43.137	0,5
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	2.863.590	41,0	3.160.149	38,8
IVE	1.560.234	27,3	2.663.201	38,1	2.904.221	35,6
Impostos especiais	49.707	0,9	84.295	1,2	97.696	1,2
Tráfico exterior	88.720	1,6	107.642	1,5	145.612	1,8
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	45.700	0,7	61.140	0,8



Fonte: Agencia Tributaria, Recaudación tributaria

1.2.18.

foi de 34,2 millóns de euros, rexistrándose unha caída do 7,4% respecto ao ano anterior (2,7 millóns de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia recadatoria do canon eólico, que tras unha caída do 0,8% respecto ao ano precedente, supón o 64,8% dos tributos propios (22,1 millóns de euros), seguido polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 32,4% do total de recadación (11,1 millóns de euros).

Proceso de converxencia económica

O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega á media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria. Entendendo como converxencia económica o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto


a outro concreto que se toma como referencia, unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación se produce por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación.

• Converxencia coa media estatal

No ano 2021 o PIB galego a prezos correntes medra un 7,7% respecto ao ano anterior, tres décimas por riba do experimentado en España), ascendendo a 63.118,8 millóns de euros, o que representa o 5,25% do total estatal. Como se aprecia no **cadro 1.2.20.**, este peso relativo é inferior ao que representa a poboación galega no conxunto do Estado.

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2020-21

	2020	2021	21/20	
	(miles de euros)	(miles de euros)	(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impuestos directos	2.777.428,8	2.724.158,1	-53.270,7	-1,9
10 Sobre a renda	2.519.366,2	2.494.586,3	-24.780,0	-1,0
11 Sobre o capital	257.906,1	229.400,6	-28.505,6	-11,1
Capítulo II: Impuestos indirectos	3.400.391,0	3.349.009,8	-51.381,2	-1,5
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	243.454,8	334.187,5	90.732,8	37,3
21 Imposto sobre o valor engadido	2.142.516,7	2.022.969,6	-119.547,0	-5,6
22 Impuestos sobre consumos específicos	942.211,1	915.664,2	-26.546,9	-2,8
23 Imposto sobre o xogo	35.311,2	42.034,1	6.722,8	19,0
28 Impuestos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	36.897,2	34.154,4	-2.742,8	-7,4
290 Tributación autonómica sobre o xogo	13,2	-	-13,2	-100,0
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	1.148,8	940,8	-208,1	-18,1
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	13.411,3	11.071,6	-2.339,7	-17,4
293 Canon eólico	22.324,0	22.142,1	-181,9	-0,8
Capítulo III: Tasas e outros ingresos	170.749,6	196.929,6	26.180,0	15,3
30 Tasas administrativas	26.991,5	27.135,2	143,7	0,5
31 Prezos	26.668,5	28.855,6	2.187,2	8,2
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	22.436,6	22.794,6	358,0	1,6
35 Ingresos derivados de compensación económicas	3.157,1	3.837,3	680,2	21,5
36 Debedores	42.338,6	49.508,9	7.170,3	16,9
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	-	-
38 Reintegros	14.483,5	29.065,6	14.582,2	100,7
39 Outros ingresos	34.673,9	35.732,4	1.058,5	3,1



(consulta: 29-04-2022)

Fonte: IGE, Administración pública


1.2.19.

A partir dos datos recollidos nas contas económicas trimestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2021 se sitúa en 92,4 puntos (España=100), mesmo nivel que no ano anterior. Tendo en conta que no período 2013-2020 o crecemento medio anual da economía galega e española en termos monetarios foi similar (1,4%), a converxencia de Galicia respecto á media es-

pañola no conxunto do período analizado prodúcese polo efecto da caída da poboación.

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2020 reflicten unha caída interanual do 9%,

Participación da produción, a poboación e o emprego galego ⁽¹⁾ no total español 2008-21

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 14-3-2022); emprego: afiliados á Seguridade Social
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.20.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-20 ^{(1) (2)}

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	2008	2019	2020	20/08	20/19	2008	2019	2020	20/08	20/19
	(media España=100)					(media UE-27=100)				
	(variación absoluta)					(variación absoluta)				
Andalucía	76,7	73,9	74,9	-1,8	1,0	78	67	63	-15	-4
Aragón	109,0	108,9	111,9	2,9	3,0	111	99	94	-17	-5
Asturias	92,0	88,0	89,3	-2,7	1,3	94	80	75	-19	-5
Baleares	108,1	108,0	93,1	-15,0	-14,9	110	98	79	-31	-19
Canarias	87,2	81,0	73,6	-13,6	-7,3	89	73	62	-27	-11
Cantabria	94,6	92,2	93,3	-1,3	1,1	97	84	79	-18	-5
Castela e León	92,2	94,3	97,8	5,6	3,5	94	85	83	-11	-2
Castela-A Mancha	80,7	78,9	81,7	1,1	2,9	82	72	69	-13	-3
Cataluña	116,7	118,1	117,4	0,7	-0,8	119	107	99	-20	-8
C. Valenciana	89,8	87,4	87,8	-2,1	0,4	92	79	74	-18	-5
Extremadura	69,3	73,1	77,2	7,9	4,2	71	66	65	-6	-1
Galicia	87,6	90,3	92,4	4,8	2,2	89	82	78	-11	-4
Madrid	132,7	136,5	135,3	2,5	-1,2	135	124	114	-21	-10
Murcia	84,2	81,8	83,7	-2,5	2,0	86	74	71	-15	-3
Navarra	123,4	121,2	123,7	0,3	2,5	126	110	104	-22	-6
País Vasco	127,7	128,5	128,3	0,6	-0,2	130	116	108	-22	-8
A Rioxa	107,3	106,5	108,5	1,2	2,1	110	97	92	-18	-5
Ceuta	85,5	79,3	82,6	-2,9	3,2	87	72	70	-17	-2
Melilla	80,5	72,8	75,5	-5,0	2,8	82	66	64	-18	-2
Total						102	91	84	-18	-7

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)


(2) 2019: estimación provisional, 2020: estimación avance

(consulta: 15-03-2022)

Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.21.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 e Galicia fronte a España 2000-20



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
 Fonte: IGE, INE e EUROSTAT

1.2.22.

o dobre do rexistrado no conxunto da Unión Europea (-11,3% en España) acadando un PIB per cápita equivalente ao 78% da media da UE-27 (84% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia ocupa unha posición intermedia, situándose como a décima C.A. co valor máis elevado tras Madrid, País Vasco e Navarra, que superan o PIBpc comunitario; Cataluña, que por primeira vez dende o ano 2000 sitúase por baixo da media da UE-27; Aragón, A Ríoxa; Castela e León; Cantabria e Baleares.

Atendendo á súa evolución dende o inicio da crise financeira en 2008, o dito proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2020 Galicia perde 11 puntos porcentuais (Estremadura, 6 puntos), sendo a segunda Comunidade que menos diverxe en termos de PIB por habitante. Como se desprende do **gráfico 1.1.22.**, entre os anos 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese en case nove puntos (doce no conxunto de Es-

paña), mentres que dende 2013 ata o 2019 aumenta en dous puntos para situarse no 82% da media comunitaria. O maior impacto da crise económica orixinada pola pandemia na economía española e galega en relación á da UE explica a minoración en sete puntos do indicador do PIBpc no conxunto do Estado, sendo a caída de catro puntos no caso de Galicia (82% da media comunitaria en 2019 e o devandito 78% no último ano analizado). □

1.3. Evolución demográfica

A poboación inscrita no Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2022 en Galicia descende ata as 2.689.152 persoas, o que representa o 5,7% da poboación española. En relación ao ano anterior hai empadroadas 6.493 persoas menos (–0,2%), continuando así a tendencia descendente iniciada en 2011 e tan só interrompida no ano 2019. Este descenso rexístrase nas catro provincias galegas, sendo máis intenso en Lugo, cunha caída do 0,7%, por diante de Ourense, co 0,4%.

A estrutura territorial galega, con moitos núcleos de poboación illados e de escasa densidade, deriva nunha estrutura demográfica na que case catro de cada dez municipios teñen menos de 2.000 habitantes e onde só reside o 5,3% da poboación galega total. Esta distribución territorial está especialmente descompensada na provincia de Ourense, onde o 74% dos seus concellos teñen menos de 2.000 habitantes e neles reside tan só o 25% da poboación total da provincia.

Asociado á perda de poboación das zonas rurais interiores, outra constante é o envellecemento da poboación por unha caída da fecundidade ou o aumento da esperanza de vida, entre outros moitos factores sociais

e económicos. A un de xaneiro de 2022, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 702.501 persoas, o 26,1% da poboación total, 6,1 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde case o 44% a poboación ten máis de 65 anos (dato a 1 de xaneiro de 2021). O envellecemento en Galicia é dobremente preocupante ao estar caracterizado por unha tendencia descendente da poboación activa, que repercute de xeito directo na sustentabilidade do sistema de prestacións.

No presente capítulo analizarase a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación, facendo especial referencia ao panorama rural e urbano tendo en conta a importancia do rural galego tanto dende o punto de vista social como do económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

Dende o ano 2010, Galicia sofre unha perda estrutural continuada da súa poboación, tendencia tan só interrompida no ano 2019. A 1 de xaneiro de 2022 Galicia

Poboación nas CC.AA. 2021-22⁽¹⁾

	2021				2022				22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.472.407	4.173.339	4.299.068	96,7	8.494.155	4.184.791	4.309.364	97,0	21.748	11.452	10.296
Aragón	1.326.261	655.248	671.013	27,8	1.325.342	654.998	670.344	27,8	-919	-250	-669
Asturias	1.011.792	482.665	529.127	95,4	1.004.499	479.032	525.467	94,7	-7.293	-3.633	-3.660
Baleares	1.173.008	584.853	588.155	235,0	1.176.254	585.496	590.758	235,6	3.246	643	2.603
Canarias	2.172.944	1.074.180	1.098.764	291,8	2.176.412	1.074.885	1.101.527	292,3	3.468	705	2.763
Cantabria	584.507	283.378	301.129	109,8	585.222	283.637	301.585	110,0	715	259	456
Castela e León	2.383.139	1.173.114	1.210.025	25,3	2.370.064	1.166.597	1.203.467	25,2	-13.075	-6.517	-6.558
Castela-A Mancha	2.049.562	1.026.128	1.023.434	25,8	2.052.193	1.027.481	1.024.712	25,8	2.631	1.353	1.278
Cataluña	7.763.362	3.819.831	3.943.531	241,8	7.783.302	3.829.165	3.954.137	242,4	19.940	9.334	10.606
C. Valenciana	5.058.138	2.491.394	2.566.744	217,5	5.090.839	2.506.470	2.584.369	218,9	32.701	15.076	17.625
Extremadura	1.059.501	523.976	535.525	25,4	1.054.245	521.232	533.013	25,3	-5.256	-2.744	-2.512
Galicia	2.695.645	1.297.301	1.398.344	91,1	2.689.152	1.294.060	1.395.092	90,9	-6.493	-3.241	-3.252
A Coruña	1.120.134	537.004	583.130	140,9	1.118.601	536.277	582.324	140,7	-1.533	-727	-806
Lugo	326.013	157.892	168.121	44,8	323.830	156.895	166.935	44,5	-2.183	-997	-1.186
Ourense	305.223	146.495	158.728	31,0	303.984	145.914	158.070	30,8	-1.239	-581	-658
Pontevedra	944.275	455.910	488.365	210,1	942.737	454.974	487.763	209,7	-1.538	-936	-602
Madrid	6.751.251	3.229.700	3.521.551	833,7	6.744.456	3.227.237	3.517.219	832,9	-6.795	-2.463	-4.332
Murcia	1.518.486	760.362	758.124	134,2	1.531.439	767.258	764.181	135,4	12.953	6.896	6.057
Navarra	661.537	327.465	334.072	63,7	663.612	328.342	335.270	63,9	2.075	877	1.198
País Vasco	2.213.993	1.076.385	1.137.608	306,0	2.207.201	1.073.065	1.134.136	305,1	-6.792	-3.320	-3.472
A Rioxa	319.796	157.823	161.973	63,4	319.485	157.622	161.863	63,3	-311	-201	-110
Ceuta	83.517	42.208	41.309	4.395,6	82.566	41.645	40.921	4.345,6	-951	-563	-388
Melilla	86.261	43.603	42.658	6.635,5	85.159	42.994	42.165	6.550,7	-1.102	-609	-493
Total	47.385.107	23.222.953	24.162.154	93,6	47.435.597	23.246.007	24.189.590	93,7	50.490	23.054	27.436
Galicia / España (%)	5,69	5,59	5,79		5,67	5,57	5,77				

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano. 2021 definitivos e 2022 provisionais
 Fonte: INE, Estadística del Padrón Continuo

1.3.1.

conta con 2.689.152 persoas empadroadas, o que supón 6.493 persoas menos que na mesma data do ano anterior. A diferenza do que acontece en Galicia, a poboación inscrita no Padrón Municipal de habitantes en España aumenta no último ano en 50.490 persoas, un 0,1%, para situarse nos 47,4 millóns de persoas.

O devandito descenso de poboación en Galicia afecta tanto a homes como a mulleres así como ás catro provincias galegas, aínda que de xeito máis acusado ás provincias de Lugo e Ourense. Dunha banda, a redución da poboación no último ano é similar en ambos os dous sexos tanto en termos absolutos (en torno a 3.250 persoas menos) como relativos (-0,2%). Doutra banda, entre xaneiro de 2021 e 2022 Lugo presenta a caída de poboación máis intensa tanto en termos absolutos como relativos, situándose no 0,7% no caso das mulleres (1.186 mulleres menos) e no 0,6% entre os homes

(997 persoas menos). En Ourense, este minoración foi do 0,4%, o que supón 658 mulleres e 581 homes menos.

Entre xaneiro de 2012 e 2022, Galicia perdeu 92.346 habitantes, o que supón unha redución do 3,3%, o que contrasta co incremento de case 170.300 habitantes (0,4%) no conxunto do Estado. En comparación co acontecido no resto de CCAA, das nove Comunidades autónomas que perderon poboación no devandito período de tempo, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma cunha maior perda de poboación en termos absolutos, só superada por Castela e León (176.000 habitantes menos), e a cuarta con maior caída en termos relativos tras Castela e León (6,9%), Asturias (6,8%) e Extremadura (4,9%).

A desagregación dos datos poboacionais, necesaria

Evolución da poboación 2008-21 ⁽¹⁾; distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Poboación 2021		
										Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
										(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	12,4	61,9	25,8
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294	1.119.351	1.119.596	1.121.815	1.120.134	12,6	62,2	25,2
Lugo	355.549	342.748	339.386	336.527	333.634	331.327	329.587	327.946	326.013	10,7	59,7	29,6
Ourense	336.099	322.293	318.391	314.853	311.680	309.293	307.651	306.650	305.223	10,4	58,0	31,6
Pontevedra	953.400	950.919	947.374	944.346	942.731	941.772	942.665	945.408	944.275	13,3	63,5	23,2
Galicia occidental costa	1.965.482	1.966.178	1.958.303	1.951.986	1.950.384	1.949.387	1.950.806	1.955.982	1.953.438	13,0	62,9	24,1
Galicia interior	818.687	782.517	774.044	766.539	757.955	752.356	748.693	745.837	742.207	10,8	59,1	30,2
Sete grandes cidades	993.124	994.407	989.936	987.779	987.412	988.028	990.938	995.126	987.271	13,1	62,8	24,1
Vigo	295.703	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364	296.692	293.837	13,3	63,5	23,2
A Coruña	245.164	244.810	243.870	243.978	244.099	244.850	245.711	247.604	245.468	12,8	62,1	25,2
Ourense	107.057	106.905	106.231	105.893	105.636	105.505	105.233	105.643	104.596	12,6	61,3	26,1
Lugo	95.416	98.560	98.134	98.268	97.995	98.025	98.276	98.519	97.613	13,8	63,5	22,6
Santiago de Compostela	94.339	95.800	95.612	95.966	96.456	96.405	97.260	97.848	97.858	13,5	63,7	22,8
Pontevedra	80.749	82.946	82.539	82.549	82.671	82.802	83.029	83.260	83.114	14,3	64,2	21,5
Ferrol	74.696	70.389	69.452	68.308	67.569	66.799	66.065	65.560	64.785	11,0	60,0	29,0
Concellos segundo tamaño												
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.306	22.604	22.026	22.533	23.147	24.709	25.665	5,4	50,8	43,8
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	419.667	412.059	405.372	393.180	387.563	380.972	383.859	8,3	56,0	35,7
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	394.075	391.564	389.892	383.564	402.406	382.371	378.356	12,0	60,8	27,2
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.895.299	1.892.298	1.891.049	1.902.466	1.886.383	1.913.767	1.907.765	13,4	63,4	23,2

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2020; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.2.


para analizar a evolución demográfica comarcal, por idades ou por tamaño dos concellos entre outros, que se leva a cabo neste capítulo, só permite observar datos ata xaneiro de 2021. Como se desprende do **cadro 1.3.2.**, no período 2008-2021 Galicia perde o 3,2% da súa poboación, rexistrándose este retroceso nas catro provincias galegas, tanto na Galicia interior como na denominada occidental-costa, nos concellos de menos de 10.000 habitantes e no ámbito rural (zonas pouco poboadas). Con todo, a intensidade desta caída poboacional non é homoxénea, observándose tendencias dispares tanto entre as provincias occidentais e as do interior como a nivel comarcal e municipal.

No concernente á análise da distribución da poboación a **nivel comarcal**, no devandito período de tempo tan só cinco comarcas presentan unha medra da súa poboación: as comarcas da Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra e O Baixo Miño. Por contra, nesas trece anos

hai dez comarcas que presentan unha perda da súa poboación superior ao 20%, destacando por riba de todas elas Terra de Caldelas, en Ourense, cunha caída do 29,1%; A Paradanta, na provincia de Pontevedra, e A Fonsagrada, en Lugo, cunha redución do 27,1%; e a Baixa Limia, na provincia de Ourense, cun descenso do 25,7%.

Se tan só se considera a evolución da poboación entre xaneiro de 2021 e 2020, dezaseis das 53 comarcas galegas experimentan unha medra da súa poboación empadroada, destacando O Salnés (506 habitantes máis, 0,5%); O Baixo Miño (347 habitantes, 0,7%); Betanzos (272 persoas, 0,7%); e O Morrazo (213, 0,3%). As outras sete comarcas son Santiago, Terra de Melide, Barbanza, Fisterra e Eume, na provincia da Coruña; A Mariña Oriental na provincia de Lugo; Allariz-Maceda, Terra de Trives e Terra de Caldelas en Ourense; e Pontevedra, A Paradanta e O Condado na provincia de Pontevedra.

Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2008-21



Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.3.

Por unha banda, o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofre no período 2008-2021 unha perda continua de poboación, rexistrando a 1 de xaneiro de 2021 unha poboación empadroada de 742.207 persoas, 76.480 habitantes menos que en 2008 (9,3% menos). Por outra banda, nese período de tempo a perda de poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa foi do 0,6% (12.044 persoas menos), acadando as 1.953.438 persoas, o que representa o 72,5% da poboación galega. Tendo en conta esta menor intensidade da caída da poboación, a concentración da poboación na Galicia occidental-costa aumenta en case dous puntos porcentuais, pasando do 70,6% en xaneiro de 2008 ata os mencionados 72,5% de 2021 (**cadro 1.3.3.**).

A **nivel municipal**, un total de 125 concellos galegos experimentaron entre o 1 de xaneiro de 2020 e 2021 unha medra da súa poboación, dos que 40 pertencen á provincia de A Coruña, 34 a Pontevedra, 33 a Ourense e os 18 restantes a Lugo. Comparando a poboación empadroada en xaneiro de 2020 coa empadroada na

mesma data de 2008, dos 57 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 23 pertencen á provincia da Coruña e á Pontevedra, fronte aos seis de Ourense e os restantes cinco concellos, a Lugo.

Atendendo á súa desagregación segundo tamaño dos municipios, no último ano un total de 56 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes, nos que en conxunto estaban empadroadas 1.907.765 persoas, 6.002 menos que na mesma data do ano anterior, o que supón o 70,8% do total da poboación de Galicia, máis de tres puntos superior á porcentaxe rexistrada en 2008 (67,6%). Non obstante, esta distribución non é homoxénea entre as distintas provincias, de feito que na provincia de Pontevedra estes concellos concentran o 81,6% da poboación fronte ao 71,6% na Coruña. Por contra, menos da metade da poboación residente en Lugo e Ourense está empadroada nos concellos con máis de 10.000 habitantes (48,6% e 47,7%, respectivamente).

No extremo oposto, cómpre mencionar que aumenta

o número de concellos que teñen menos de 1.000 habitantes. A poboación inscrita nos 36 concellos menos poboados de Galicia a un de xaneiro de 2021 descende ata as 25.665 persoas (51 menos que no ano anterior), o que representa o 0,95% da poboación galega. Na mesma data de 2008 tan só 17 concellos contaban con menos de mil habitantes, acollendo un total de 12.230 persoas, o 0,44% da poboación galega.

Tendo en conta os concellos máis pequenos en termos de poboación, dentro da provincia de Ourense localízanse 68 dos 118 concellos de menos de 2.000 habitantes existentes en Galicia, estando dentro desta franxa de poboación o 73,9% dos concellos ourensáns (concentran o 25% da poboación da provincia). Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas inscritas, o 36,1% da poboación de Ourense e o 35,1% no caso de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 15,2% en Galicia e do 12% no conxunto do Estado.

Se se consideran os sete concellos máis importantes en termos de poboación, entre o un de xaneiro de 2020 e 2021 o seu número de habitantes redúcese un 0,8%, o que supón que están inscritos no padrón de habitantes 7.855 habitantes menos, rachándose así a tendencia crecente dos últimos anos. Este descenso rexístrase en seis dos sete concellos considerados, permanecendo practicamente estable a poboación empadroada en Santiago de Compostela. En termos relativos, o descenso máis acusado rexístrase no concello de Ferrol, cunha caída do 1,2% (775 persoas menos), situándose esta porcentaxe no 1% nos municipios de Vigo e Ourense (2.855 e 1.047 habitantes menos), e no 0,9% na Coruña e Lugo (2.136 e 906 persoas menos entre as dúas datas consideradas).

Atendendo á evolución dende xaneiro de 2008, destaca o descenso da poboación empadroada no concello de Ferrol, con 9.911 habitantes menos en xaneiro de 2021 que en 2008, o que supón unha caída do 13,3%. Asemade, Ourense presenta unha caída do 2,3% no período considerado (2.461 empadroados menos) e Vigo do 0,6% (1.866 persoas menos). Os maiores incremen-

tos da poboación empadroada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 3,7% (3.519 persoas máis); Pontevedra, cun 2,9% (2.365 persoas); Lugo, cun 2,3% (2.197 habitantes); e finalmente, na cidade da Coruña a poboación residente medra un 0,1% no período sinalado (304 persoas máis).

En xaneiro de 2021 as sete grandes cidades galegas concentraban o 36,6% da poboación galega, dúas décimas menos que no ano anterior, cando na mesma data de 2008 estes concellos concentraban o 35,7%.

Por último, a devandita maior concentración da poboación na Galicia occidental-costa, ou nos grandes concellos apréciase tamén na análise da distribución da poboación entre os territorios rurais (zonas pouco poboadas; ZPP), zonas urbanas e zonas intermedias de poboación. O 26,3% da poboación galega reside en zonas pouco poboadas, porcentaxe que se sitúa en torno ao 45% nas provincias orientais, Lugo e Ourense.

Tal como se sinalou anteriormente, das 2.695.645 persoas residentes en Galicia a 1 de xaneiro de 2021, un 36,6% (987.271 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), definidas como áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes; un 37,1% (999.325 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), definidas como zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,3% (709.049 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

A devandita distribución non é homoxénea entre as provincias galegas, xa que mentres que Ourense e Lugo concentran en torno ao 45% da súa poboación en ZPP (45,6% e 44,2%, respectivamente), esta porcentaxe descende ata o 25% na Coruña e o 15,4% na provincia de Pontevedra. Nestas dúas últimas provincias a maior concentración de poboación rexístrase nas ZIP, ao acoller o 38,5% e 44,7% da súa poboación (25,9% en Lugo

e 20,2% en Ourense). No caso das ZDP, o 40% da poboación de Pontevedra está inscrita nestas zonas, dez puntos máis que na provincia de Lugo, descendendo esta porcentaxe ata o 34,3% en Ourense e o 36,4% na Coruña.

O descenso da poboación rexistrado en Galicia no ano 2020 explícase fundamentalmente por unha caída da poboación nas zonas densamente poboadas (7.855 persoas menos; -0,8%), que racha a tendencia crecente dos últimos tres anos, o que contrasta cunha medra da poboación nas zonas intermedias (1.778 persoas máis; 0,2%), permanecendo practicamente estable a poboación inscrita nas ZPP despois das fortes caídas experimentadas nos anos anteriores (97 persoas inscritas menos).

Esta evolución non é homoxénea entre as distintas provincias, se ben as catro presentan unha caída da poboación nas ZDP, máis acusada en termos relativos en Ourense, co -1% (1.047 persoas menos) e Lugo, co -0,9% (906 persoas). En termos absolutos o descenso é de 3.000 persoas en Pontevedra e de 2.900 na Coruña (0,8% e 0,7%, respectivamente). Por contra, tras once anos seguidos onde a poboación residente nas zonas pouco poboadas descendía nas catro provincias galegas, no ano 2020, influenciado en parte pola impacto da covid, a poboación residente no ámbito rural descende tan só na provincia de Lugo (-0,5%; 742 persoas menos), aumentando por contra un 0,2% na Coruña (605 persoas máis). Finalmente, no que ás ZIP se refire, a poboación neste grao de urbanización aumenta en torno ás 1.800 persoas nas provincias de Pontevedra e A Coruña (0,4% e 0,2%, respectivamente), descendendo por contra un 0,6% en Ourense (380 persoas menos) e un 0,3% en Lugo (285 persoas).

Se se amplía o horizonte temporal ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008-2021 o descenso da poboación en máis de 88.500 persoas (3,2%) ven motivado principalmente pola perda poboacional nas ZPP, cunha redución do 12,7% (103.452 persoas menos), e en moita menor medida nas ZDP (-0,6%; 5.853 persoas menos), o que contrasta coa medra experimentada nas ZIP, cunha medra do 2,1% entre as dúas datas consideradas (20.781 persoas máis).

A perda de poboación que sofre Galicia nos últimos 14 anos está concentrada nas provincias de Ourense e Lugo, unha perda que ao mesmo tempo está localizada case na súa totalidade nas zonas pouco poboadas destas dúas provincias. En concreto, entre os anos 2008 e 2020 a poboación residente nas ZPP de Ourense redúcese en 29.050 persoas (29.536 persoas menos na provincia de Lugo), o que significa unha caída do 16,8% (-8,3% en Lugo). Así mesmo, descende o número de residentes nas zonas intermedias (2.683 habitantes; 3,1%), o que contrasta co incremento do 2,3% nas ZDP (2.197 persoas máis). Na provincia de Ourense a poboación descende no período sinalado en 30.876 persoas (9,2%), un descenso que, como no caso da provincia de Lugo, concéntrase nas ZPP, que presentan unha redución do 17,2% (28.814 habitantes menos), descendendo un 2,3% nas ZDP (2.461 persoas menos), aumentando por contra un 0,7% nas ZIP (399 persoas). As provincias da Coruña e Pontevedra presentan tamén unha caída da súa poboación nas ZPP, do 9,4% e 10,2% respectivamente.

• Composición por idades

O envellecemento da poboación é unha tendencia a longo prazo que se iniciou hai varias décadas en Galicia así como no conxunto de Europa, que se fai evidente no incremento da proporción de persoas maiores xunto cun descenso na proporción de persoas en idade laboral. Actualmente a composición por idades da poboación reflicte ademais un progresivo envellecemento, cunha cada vez maior importancia relativa das persoas de idade moi avanzada.

Dunha banda, o índice de dependencia global, que reflicte a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) aumenta en dez puntos entre xaneiro de 2008 e 2021, acadando no último ano un valor de 59,4. Doutra banda, o índice de envellecemento, que expresa a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, aumenta de maneira importante no devandito período de tempo, situándose

Poboación nas CC.AA. 2022⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
		(%)	0-14	15-44	45-64 (%)	≥65	≥85
Andalucía	8.494.155	17,91	14,7	37,3	30,0	18,0	2,6
Aragón	1.325.342	2,79	13,5	34,2	30,2	22,1	4,4
Asturias	1.004.499	2,12	10,4	29,8	32,7	27,2	5,2
Baleares	1.176.254	2,48	14,4	39,9	29,4	16,3	2,3
Canarias	2.176.412	4,59	12,1	38,4	32,3	17,1	2,3
Cantabria	585.222	1,23	12,4	32,8	31,7	23,1	4,2
Castela e León	2.370.064	5,00	11,3	30,9	31,5	26,2	5,6
Castela-A Mancha	2.052.193	4,33	14,3	36,3	30,1	19,3	3,7
Cataluña	7.783.302	16,41	14,4	37,2	29,2	19,3	3,3
C. Valenciana	5.090.839	10,73	13,9	35,8	30,4	20,0	2,9
Extremadura	1.054.245	2,22	12,9	34,7	30,9	21,5	4,1
Galicia	2.689.152	5,67	11,3	31,7	30,8	26,1	5,2
A Coruña	1.118.601	2,36	11,6	31,8	31,0	25,6	4,9
Lugo	323.830	0,68	9,9	29,5	30,6	29,9	7,1
Ourense	303.984	0,64	9,6	28,7	29,8	31,9	7,5
Pontevedra	942.737	1,99	12,1	33,4	31,0	23,6	4,3
Madrid	6.744.456	14,22	14,4	37,7	29,6	18,3	3,1
Murcia	1.531.439	3,23	16,4	38,7	28,8	16,1	2,4
Navarra	663.612	1,40	14,8	35,3	29,6	20,3	3,6
País Vasco	2.207.201	4,65	13,1	32,7	31,0	23,2	4,2
A Ríoxa	319.485	0,67	13,9	34,2	30,4	21,5	4,1
Ceuta	82.566	0,17	18,7	41,3	27,4	12,6	1,6
Melilla	85.159	0,18	21,6	41,8	25,4	11,2	1,3
Total	47.435.597	100	13,8	36,0	30,2	20,0	3,4

(1) Datos a 1 de xaneiro provisionais
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.4.

en Galicia en 163,6 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos fronte aos 135,5 en xaneiro de 2008.

A 1 de xaneiro de 2022 a idade media en Galicia ascende a 48 anos, case catro anos máis que a media en España (44,1 anos), manténdose como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (49,2 anos) e Castela e León (48,3 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49,6 anos de media en Galicia no caso das mulleres e 46,4 anos no dos homes (45,4 e 42,8 anos en España, respectivamente).

As provincias españolas cunha maior idade media a 1 de xaneiro de 2022 son Zamora (51,6 anos) e Ourense e Lugo con 51,2 e 50,5 anos de media respectivamente, sendo estas tres as únicas provincias en España que su-

peran os 50 anos de idade media da súa poboación. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 47,7 anos e 46,5 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Comparando datos entre xaneiro de 2021 e xaneiro de 2022, todas as CC.AA. presentan unha medra da súa poboación maior de 45 anos, incremento que a nivel estatal se sitúa no 1,4% (314.051 persoas máis nesa franxa de idade) e que en Galicia é do 1,2% (17.196 persoas máis).

De xeito contrario, entre as dúas datas sinaladas, prodúcese un descenso en todas as CC.AA. da poboación menor de 44 anos. En Galicia descende a poboación menor de 44 anos nun 2% (24.770 persoas menos), fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado do 1,7% (420.197 persoas).

Poboación en Galicia e España 2008 e 2022⁽¹⁾: estrutura segundo grupos de idade

(1) Os datos de 2008 son definitivos e 2022 son provisionais a 1 de xaneiro
 Fonte: INE, Padrón continuo

1.3.5.


Tras esta evolución, tal como se observa no **cadro 1.3.4.**, o 26,1% da poboación galega ten 65 ou máis anos (20% no conxunto do Estado), sendo a porcentaxe galega a terceira máis elevada, só por detrás de Castela e León, co 26,2%, e Asturias, cun 27,2%. Por outra banda, en Galicia só o 11,3% da súa poboación ten menos de 14 anos (13,8% en España), porcentaxe só inferior á rexistrada en Asturias, cun 10,4%, e similar á de Castela e León.

Finalmente, o peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata

o 5,2%, unha décima máis que no ano anterior, o que a sitúa tan só por detrás de Asturias (5,6%), e moi por encima da media estatal que é do 3,4% (sitúase no 5,2% en Castela e León).

No período 2008-2022 o descenso da poboación galega afecta ao conxunto de persoas con menos de 44 anos. A poboación menor de 14 anos no dito período en Galicia cae un 3,2% (10.145 persoas menos) o que contrasta co incremento do 0,3% a nivel estatal. Sen embargo, o descenso máis acusado, tanto a nivel galego como no conxunto do Estado, rexístrase entre a

Pirámide de poboación de Galicia 2008 e 2022



Fonte: INE, Padrón continuo

1.3.6.

poboación entre 15 e 44 anos cunha caída en Galicia do 25,1% (286.516 persoas menos), porcentaxe superior á caída media no Estado que foi do 16,4% no citado período de tempo.


Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas. Dunha banda, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cunha medra do 68,6%, case punto e medio superior á do conxunto de España; doutra banda, a poboación de 45 a 64 anos aumenta en Galicia un 14% e a poboación de 65 a 84 anos, un 8,2% no período 2008-2022.

A nivel provincial, Ourense e Lugo son as provincias galegas onde unha maior porcentaxe da súa poboación ten idades superiores aos 65 anos. O 31,9% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe máis de tres veces superior á dos menores de 15 anos (9,6%). Na provincia de Lugo o 29,9% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 9,9% dos menores de 15. Asemade, o 7,5% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 7,1% en Lugo. Comparado co resto

das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora (31,7%), as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos (9% en Zamora).

As pirámides de poboación recollidas nos **cadros 1.3.6.** e **1.3.7.** reflicten a estrutura poboacional en Galicia e nas catro provincias galegas. Os cambios nas pirámides de poboación reflicten tendencias graduais que se manteñen estables no tempo, así a pirámide de Galicia mostra para o período 2008-2022 un engrosamento nos grupos quinquenais a partir dos 40 anos. En 2008 os grupos máis numerosos corresponden aos de 30-34 anos (8,2% da poboación galega) e 35-39 anos (7,8%) mentres que en 2022 os grupos quinquenais maioritarios son os de 40-44 e 45-49 anos, que concentran o 8% e 8,4% da poboación total, respectivamente. Asemade, indica que os maiores incrementos en termos absolutos prodúcese entre as persoas de 65 a 69 anos con 35.323 persoas máis, e entre 85-89 anos, con 32.580 persoas, mentres que as caídas máis acusadas están nos grupos de 30-34 anos e 25-29

Pirâmides de poboación 2008 e 2022. Distribución segundo provincias



Fonte: INE, Padrón continuo

1.3.7.

anos, con caídas de 93.907 e 89.192 persoas respectivamente.

O devandito **cadro 1.3.4.** reflicte as importantes diferenzas existentes entre as provincias da Coruña e Pontevedra e de Lugo e Ourense, presentando estas últimas non só unha maior porcentaxe de poboación maior de 85 anos, senón tamén un maior incremento. Neste senso, a un de xaneiro de 2022 a poboación de 85 e máis anos representaba o 7,5% da poboación de

Ourense, tres puntos porcentuais superior á da mesma data de 2008; mentres que en Lugo o seu peso relativo ascendía a 7,1%, 2,7 puntos máis que en 2008. Por contra, o 4,3% da poboación empadroada en Pontevedra ten 85 e máis anos, 1,9 puntos porcentuais máis que no ano 2008, e na Coruña, o 4,9%, 2,6 puntos máis.

As disparidades entre provincias tamén se reproducen entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, entre os distintos concellos segundo o seu tamaño, e

entre os distintos grados de urbanización considerados. Dunha banda, nos trece anos comprendidos entre o un de xaneiro de 2008 e 2021 o descenso da poboación na Galicia interior é xeneralizado, rexistrándose con maior intensidade no caso da poboación potencialmente activa, cunha redución do 13,7% (69.917 persoas menos), fronte ao 5,5% no caso dos menores de 16 anos (4.617 habitantes menos), e do 1% no dos maiores de 65 anos (2.162 persoas menos). Doutra banda, na Galicia occidental-costa o descenso prodúcese fundamentalmente no caso da poboación de 16 a 64 anos (-7,9%; 105.229 habitantes menos), aumentando case un 25% (93.440 empadroados máis) no caso das persoas de 65 e máis anos. A poboación permanece relativamente estable no caso dos menores de 16 anos, que presenta unha redución do 0,1% (255 persoas menos).

Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2021 reflicten que as comarcas da Galicia interior presentan unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 64 o 30,2% da súa poboación (24,1% na costa), en tanto que a poboación menor de 16 anos supón o 10,8% no interior e o 13% na Galicia occidental-costa.

Doutra banda, se temos en conta a idade de poboación en función do tamaño do concello no que reside, mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa o 25,8% da poboación, nos concellos con menos de 1.000 habitantes esta porcentaxe é de case o 44% da súa poboación, situándose no 35,7% no caso dos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (nos concellos de máis de 10.000 habitantes a poboación de 65 ou máis anos representa o 23,2%). Como reflicte o devandito **cadro 1.3.2.**, a poboación menor de 16 anos é de tan só o 5,4% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no 8,3% co caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes (12,4% no conxunto de Galicia).

Entre as sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 14,3%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos, así como o menor peso

relativo no caso das persoas de 65 e máis, cun 21,5%. Por contra, Ferrol ten un 11% da poboación con menos de 16 anos e un 29% supera os 65 anos.


No concernente á distribución da poboación segundo idade e grado de urbanización, o ámbito rural (ZPP) é quen presenta a poboación máis envellecida, cunha idade media de 52,1 anos, case catro anos e medio máis que no conxunto de Galicia, sendo a idade media das mulleres superior á dos homes (53,7 e 50,6 anos, respectivamente). Nas provincias de Ourense e Lugo, as máis envellecidas das catro, a idade media ascende ata os 55,4 anos no primeiro caso e ata os 54,2 anos en Lugo, destacando que a idade media das mulleres en Ourense supera os 57 anos (55,5 anos en Lugo).

Por contra, as ZIP son as que presentan a idade media máis reducida, con 45,8 anos (47,1 no caso das mulleres e 44,5 no dos homes). Estes valores máis baixos rexístranse en todas as provincias agás en Lugo, onde a idade media ascende a 48,3 anos fronte aos 45,7 anos nas zonas máis urbanas (ZDP). Na provincia de Pontevedra, a menos envellecida, as ZIP presentan unha idade media de 45,3 anos (46,7 anos entre as mulleres) en tanto que na Coruña a idade media ascende ata os 45,7 anos (46,9 anos entre as mulleres).

No que se refire ás ZDP, a idade media ascende ata os 46,4 anos no conxunto de Galicia, situándose en 48,2 anos no caso das mulleres e en 44,3 anos entre os homes. Pontevedra e Lugo presentan a idade media máis reducida, con 45,7 anos, superando lixeiramente os 47 anos no caso de Ourense.

O **índice de envellecemento**, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, presenta diferenzas significativas tanto entre os distintos graos de urbanización como por sexo e provincia. Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2021 reflicten que este índice acada os valores máis elevados nas ZPP, nas que por cada cen menores de vinte anos hai 279,3 persoas maiores de 65 anos (163,6 no caso de Galicia). No extremo oposto, nas ZIP o valor do índice sitúase en 128, superando lixeiramente os 140 no caso das ZDP.

Pirámides de poboación 2008-2021



Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.8.

A nivel provincial, o índice presenta os valores máis elevados en Ourense, onde por cada cen menores de vinte anos hai 419,2 maiores de 65, situándose o seu valor en 360,7 no caso de Lugo. Así mesmo, este índice presenta valores máis elevados no caso das mulleres que dos homes en todos os casos.

Por último, a estrutura por idades da poboación en función do grao de urbanización da zona de residencia que vimos analizando, pode resumirse de xeito gráfico nas pirámides poboacionais das distintas zonas. As pirámides de poboación (**gráfico 1.3.8.**) amosan un despraza-

mento vertical da pirámide nos grupos quinquenais a partir de 40 anos tanto no conxunto de Galicia como nos tres graos de urbanización considerados, descendendo no caso das idades entre dez e trinta anos.

Con todo, esta tendencia xeral agocha diferenzas relevantes. Así, nas ZPP o grupo maioritario de poboación entre as mulleres é o de maiores de 85 anos, que supón o 4,8% da poboación empadroada nesa área, por diante das mulleres con idades comprendidas entre 60 e 64 anos, co 3,7%. Entre os homes, o grupo quinquenal maioritario é o de 60.64 anos, cun 3,9%, acollendo

o 3,8% os grupos comprendidos entre 40 e 59 anos. Por contra, tanto nas ZIP como nas ZDP os grupos de poboación maioritarios son os de 40-44 anos e 45-49 anos, que concentran no caso das zonas intermedias de poboación o 4,4% dos homes e mulleres, situándose estas porcentaxes nas ZDP no 4% entre os homes e no 4,4% entre as mulleres.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A 1 de xaneiro de 2021 en Galicia residían un total de 114.534 persoas con nacionalidade estranxeira (**cadro 1.3.9.**), o que supón un incremento do 1,7% respecto á mesma data do ano anterior, 1.896 persoas estranxeiras máis, sendo esta medra interanual do 0,1% no conxunto do Estado. Deste xeito, o devandito descenso da poboación rexistrado en Galicia ao longo do ano 2020 ven explicado pola caída da poboación de nacionalidade española, que se reduce en 8.070 persoas (-3,1%).

A poboación estranxeira representa o 4,2% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 11,5% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,3%). En Galicia están inscritos o 2,1% dos estranxeiros residentes no conxunto do Estado, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,7%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 43.946 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 38.018, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. É salientable que, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 5,3% da súa poboación total; seguida de Lugo, co 5,1%; Pontevedra, co 4%; e, finalmente, A Coruña, co 3,9% da súa poboación total.

O incremento de poboación estranxeira en Galicia no ano 2020 rexístrase nas catro provincias galegas e tanto en homes como en mulleres. En termos absolutos A

Coruña presenta en ambos os dous casos os maior incremento, con 894 persoas estranxeiras máis (396 homes e 424 mulleres), seguida de Ourense, con 424 persoas estranxeiras máis que no ano anterior (178 homes e 246 mulleres). Doutra banda, en termos relativos destaca o incremento rexistrado en Ourense, cunha medra do 2,7% entre xaneiro de 2020 e 2021 (2,4% no caso dos homes e 3% entre as mulleres), situándose a continuación Lugo, co 2,2% respecto ao ano anterior (1,9% e 2,5%, respectivamente).

Se se considera o lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.10.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2021, o 50,5% procede do continente americano, dos que case o 81% naceron en América do Sur, o 27,6% procede de Europa, o 12,3% son africanos e o 4,5%, asiáticos.

Os nados en América do Sur son os estranxeiros que en maior número residen en Galicia. Das 116.682 persoas nadas en América do Sur que residían en Galicia nesa data, 3.409 máis que no ano anterior (3% máis), o 59,9% teñen nacionalidade española, e o 40,1% restante nacionalidade estranxeira.

No ano 2021 aumenta o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 145.261 persoas, dos que o 48,1% proceden de América do Sur, o 17,8% da Unión Europea (agás España) e o 15,3% do resto de países europeos.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia (**cadro 1.3.11.**), entre o primeiro semestre de 2020 e de 2021, o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 1.620 persoas, aínda que moi inferior ao do período anterior (4.383 persoas). No primeiro semestre de 2021, as saídas cara ao resto de España son inferiores ao volume de entradas rexistradas, igual que acontece coas emigracións galegas cara a terceiros países.

No que ás migracións cara e dende terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2021 un total de 3.656 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma ga-

Poboación estranxeira en Galicia e España 2021 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	114.534	54.854	59.680	2.695.645	1.297.301	1.398.344	4,2
A Coruña	43.946	20.774	23.172	1.120.134	537.004	583.130	3,9
Lugo	16.513	8.262	8.251	326.013	157.892	168.121	5,1
Ourense	16.057	7.606	8.451	305.223	146.495	158.728	5,3
Pontevedra	38.018	18.212	19.806	944.275	455.910	488.365	4,0
España	5.440.148	2.725.152	2.714.996	47.385.107	23.222.953	24.162.154	11,5
			(%)				
Galicia / España	2,1	2,0	2,2	5,7	5,6	5,8	
A Coruña / Galicia	38,4	37,9	38,8	41,6	41,4	41,7	
Lugo / Galicia	14,4	15,1	13,8	12,1	12,2	12,0	
Ourense / Galicia	14,0	13,9	14,2	11,3	11,3	11,4	
Pontevedra / Galicia	33,2	33,2	33,2	35,0	35,1	34,9	

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.9.

Poboación estranxeira: 2021 ⁽¹⁾

	Total		Nacionalidade			
			española		non española	
		(%)		(%)		(%)
Lugar de nacemento	2.695.645	100	2.581.111	100	114.534	100
España	2.441.499	90,6	2.435.846	94,4	5.653	4,9
Estranxeiro	254.146	9,4	145.265	5,6	108.881	95,1
Países europeos	79.798	3,0	48.171	1,9	31.627	27,6
UE (27)	52.650	2,0	25.886	1,0	26.764	23,4
Países europeos non UE (27)	27.148	1,0	22.285	0,9	4.863	4,2
África	19.397	0,7	5.294	0,2	14.103	12,3
América	147.677	5,5	89.835	3,5	57.842	50,5
América Central e Caribe	23.040	0,9	14.164	0,5	8.876	7,7
América do Norte	7.955	0,3	5.781	0,2	2.174	1,9
América do Sur	116.682	4,3	69.890	2,7	46.792	40,9
Asia	6.885	0,3	1.710	0,1	5.175	4,5
Oceanía	389	0,0	255	0,0	134	0,1

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.10.

Movements migratorios con terceiros países 2020-21 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	1º semestre de 2020			1º semestre de 2021		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	7.946	3.563	4.383	5.276	3.656	1.620
Española	1.622	1.965	-343	1.972	1.622	350
0-14	228	175	53	257	159	98
15-39	479	931	-452	612	698	-86
40-64	620	632	-12	725	562	163
≥65	295	227	68	378	203	175
≥85	36	34	2	62	31	31
Estranxeira	6.324	1.598	4.726	3.304	2.034	1.270
0-14	1.081	150	931	460	177	283
15-39	3.500	692	2.808	1.805	947	858
40-64	1.521	623	898	866	764	102
≥65	222	133	89	173	146	27
≥85	12	10	2	23	10	13

(1) os datos de 2021 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.11.

lega, e 5.276 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado acádase nos primeiros seis meses do ano 2021 un saldo de 1.620 persoas (no primeiro semestre de 2020 foi de 4.383). O saldo migratorio no caso das persoas de nacionalidade española é positivo en 350 persoas, cifra que ascende a 1.270 no caso das persoas de nacionalidade estranxeira.

Case 55 de cada cen persoas de nacionalidade estranxeira que fixan a súa residencia en Galicia no primeiro semestre teñen entren 15 e 39 anos, así como o 46,6% dos residentes estranxeiros en Galicia que saen cara un terceiro país, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 858 persoas. Non obstante, este saldo sería negativo se se considerara tan só ás persoas de nacionalidade española (-86). Salientar igualmente que o 10,4% dos inmigrantes e o 9,5% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2021 de 202 persoas, das que 175 posúen nacionalidade española e 27 estranxeira.

No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio para Galicia no conxunto do ano 2021 é positivo, situándose en 3.747, cifra significativamente inferior á rexistrada en 2020 (4.482). Atendendo á súa

distribución segundo grupos de idade, cómpre mencionar que case tres de cada dez corresponde a persoas maiores de 65 anos (saldo migratorio de 1.050), sendo negativo no caso da poboación de 20 a 29 anos (-146 no último ano).

Movemento natural da poboación

Fronte ao devandito saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2021, o saldo vexetativo en Galicia continúa a ser marcadamente negativo, rexistrándose unha perda de 9.326 persoas, **cadro 1.3.12.**, o terceiro máis elevado do Estado tras Andalucía e a C. Valenciana. A serie estatística do IGE (**cadro 1.3.13.**) mostra que 1987 é o último ano que Galicia presenta un saldo vexetativo positivo, ano a partir do que os saldos vexetativos son sempre negativos, acadando en 2020, último dato dispoñible, o saldo negativo máis elevado da serie, con 17.559 defuncións máis que nacementos. Segundo os datos do INE, no ano 2020, por cada 1.000 habitantes rexístranse en Galicia 6,5 defuncións máis que nacementos. Isto mantén á nosa Comunidade Autónoma como a terceira cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes, por detrás de Asturias (9,6 defuncións máis que nacementos) e Castela e León (9,4 defuncións máis que nacementos).

Indicadores demográficos das CC.AA. 2021 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.502.217	4.815	4.071	-10.169	8.500.808
Aragón	1.331.133	-15.874	1.038	-2.797	1.313.465
Asturias	1.012.889	91	532	-4.592	1.008.897
Baleares	1.219.775	1.969	-2.397	83	1.219.404
Canarias	2.244.369	5.365	-1.105	-2.205	2.246.370
Cantabria	583.655	194	1.308	-1.459	583.684
Castela e León	2.386.649	-755	2.217	-8.508	2.379.530
Castela-A Mancha	2.048.656	-795	3.625	-3.722	2.047.722
Cataluña	7.671.253	621	-2.898	-8.314	7.660.530
C. Valenciana	5.047.045	8.156	6.023	-9.886	5.051.250
Extremadura	1.057.999	-409	100	-2.894	1.054.779
Galicia	2.696.876	1.620	2.116	-9.326	2.691.213
Madrid	6.755.828	-5.007	-12.862	-1.432	6.736.407
Murcia	1.513.076	1.923	1.169	-98	1.516.055
Navarra	657.654	-505	37	-336	656.836
País Vasco	2.185.908	-2.081	-1.602	-4.532	2.177.654
A Rioxa	316.176	79	214	-650	315.811
Ceuta	83.517	115	-804	-40	82.787
Melilla	84.022	112	-782	141	83.489
Total	47.398.695	-366	-	94.057	47.326.687

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.12.

Os datos definitivos do ano 2020 reflicten que o devandito incremento do saldo negativo é consecuencia tanto dun descenso do 2,9% no número de nacementos (redúcese un 5,1% no ano anterior) como dunha medra nas defuncións do 5% (redúcense un 3,6% no ano precedente).

Existe unha vinculación directa entre a natalidade e a estrutura poboacional, o que condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 5,7 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa novamente como a segunda Comunidade Autónoma co índice máis reducido tras Asturias (4,7), sendo a media estatal de 7,2. O **gráfico 1.3.14.** reflicte a tendencia descendente desta taxa de natalidade, que en 2008 se situaba en 8,4 nacementos por cada mil habitantes (11,3 en España).

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante se a nai ten nacionalidade española (5,3 fillos nados por


cada 1.000 habitantes en Galicia) ou se a nacionalidade da nai é estranxeira (13,1 fillos por cada 1.000 habitantes). No conxunto do Estado estas taxas aumentan ata o 6,3 e 14,4 nacementos por cada mil habitantes.

Por contra, a taxa bruta de mortalidade presenta en Galicia unha tendencia crecente, situándose no ano 2020 en 12,2 falecidos por cada 1.000 habitantes, a sexta máis elevada do Estado tras Castela e León (15,1 falecementos), Asturias (14,3), Castela-A Mancha (12,7), Aragón (12,6) e Extremadura (12,4), situándose a media estatal en 10,4 falecidos por cada mil habitantes.


O devandito envellecemento da poboación en xeral en Galicia, e en particular de xeito moi acusado nas ZPP, determina que estas zonas presenten as taxas de natalidade e de crecemento vexetativo máis reducidas das tres zonas de poboación analizadas. En concreto, a taxa de natalidade descende en 2020 ata os 4,5 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 5,6 nacementos no

Movimento natural da poboación 2008-20 ⁽¹⁾

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade




(1) Datos 2020 provisionais, anteriores definitivos

Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións*.

1.3.13.

Movemento natural da poboación (1)



(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
 Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.14.

conxunto da Comunidade Autónoma. Nas outras dúas zonas a taxa bruta de natalidade acadaba valores moi similares, acadando os 6,1 nacementos por cada mil habitantes nas ZDP e os 6,0 nacementos por cada mil habitantes nas ZIP.

No que respecta á taxa de mortalidade, as ZPP aparecen moi diferenciadas das outras zonas pola súa alta taxa bruta, que se sitúa en 16,5 defuncións por 1.000 habitantes, fronte ás 10,8 defuncións no caso das ZDP e ás 10,4 defuncións nas ZIP. As provincias de Lugo e Ourense presentan taxas brutas de mortalidade máis altas que as da Coruña e Pontevedra, salientando os elevados valores que toma o indicador na ZPP das provincias de Ourense e Lugo (21 e 19,6 defuncións por 1.000 habitantes, respectivamente). Por outra parte, as taxas estandarizadas de mortalidade, que eliminan o efecto da estrutura por idades, reflicten unha notable diminución das diferenzas na mortalidade entre zonas (13,8 defuncións por cada mil habitantes en Ourense e Lugo fronte ás 12 na Coruña e 11,6 defuncións en Pontevedra).

Tendo en conta a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade, o crecemento vexetativo é máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2020, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia 6,6 defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 12 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas densamente poboadas e nas zonas intermedias por cada mil habitantes hai 4,7 e 4,4 defuncións máis que nacementos respectivamente. 

